

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de xuño de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a Elena Maure Noia
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e tres de xuño de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(981).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 23 de maio de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(982).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 2137/2, 2377/1, 2287/1, 2355/1, 12/2066, 12/2064, 23/1607, 02/783, 23/2140, 13/2068.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Sara Fondos Barreiro. Expte. 2137/2.
- D^a. Elena Almuiña Claro. Expte. 2377/1.
- D^a. Concepción Martínez Pérez. Expte. 2287/1.
- D^a. Emilia Gilsanz Carrera. Expte. 2355/1.
- D^a. Delfina Martínez Perez. Expte. 12/2066.

- D^a. Clara Abandonado Sánchez. Expte. 12/2064.
- D. José Rosendo García Álvarez. Expte. 23/1607.
- D^a. Rosario Moure Pérez. Expte. 783/02.
- D^a. Leopolda Fernández Portavalez. Expte. 23/2140.
- D^a. Jesusa Fernández Leal. Expte. 13/2068.

3(983).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DURANTE O MES DE MAIO DE 2008. EXPTE. 5787/306.

Mediante providencia de data 12.06.08, a concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, cumprindo coa base 31^a das normas xerais de execución do orzamento de gastos do Concello de Vigo, dá conta da relación de expediente de gastos menores tramitados polo servizo de Medio Ambiente durante o mes de maio de 2008, que son os seguintes:

Expte	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
5741/306	4450.227.06.00	SER	Coordinación de seguridade e saúde da obra na praia de Carril	Applus Norcontrol, SLU	09/05/2008	16/05/2008	1.148,30 €
5762/306	4450.227.06.00	SER	Cobertura preventiva durante varios fins de semana nas Illas Cíes na campaña "Vigo, Camiño ás Estrelas"	Cruz Roja Española	16/05/2008	21/05/2008	1.670,40 €
5763/306	4450.227.06.00	SER	Coordinación dos servizos de vixianza, salvamento e socorrismo nos areas de Vigo	Carlos Vales Porto	16/05/2008	23/05/2008	17.405,16 €
5740/306	4533.227.06.00	SER	Realización dun informe sobre o estado de 28 areas do litoral municipal	Novocontorno, SL	09/05/2008	16/05/2008	1.691,11 €
5757/306	4533.227.06.00	SER	Dotación e mantemento de paneis informativos e divulgativos para os areas habilitados para o baño no 2008	Novocontorno, SL	15/05/2008	16/05/2008	10.438,02 €
5765/306	4533.227.06.02	SER	Colocación, mantemento e retirada balizado nos areas de Samil, Vao, Canido, Rodas, Nosa Señora e Figueiras (Cíes)	Abel Montenegro Misa	16/05/2008	22/05/2008	16.000,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(984).- MODIFICACIÓN DE EMPRAZAMENTO DO QUIOSCO DE COGAMI GALEGA DE QUIOSCOS S.L. EXPTE. 17395/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da enxeñeira técnica da Área de Mobilidade, do 18.06.08, conformado polo xefe e polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio de las administracións Públicas (LPAAPP).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- Polo departamento de Circulación viaria emítese informe o 31.03.2008, conformado polo concelleiro delegado da Área de mobilidade, transporte e seguridade, desbotando a posibilidade de instalación do quiosco de Cogami na ubicación da Rúa Rosalía de Castro esquina Oporto. Posteriormente, en data 28 de maio, propoñese por dita concellería dúas novas ubicacións: unha fronte a entrada do mercado de Teis; e outra no

Calvario, fronte a praza de abastos o carón da farmacia, na beirarrúa de corte da zona peonil coa rua Antela Conde.

Segundo.- O Enxeñeiro Industrial do de Electromecánicos, informa o 3 de xuño sobre ditas ubicacións sinalando que non existe inconveniente en acceder a instalación solicitada baixo as condicións explicitadas no seu informe.

Terceiro.- A concesionaria, Rede Galega de Quioscos SL, no tramite de audiencia concedido sobre as novas ubicacións propostas para a instalación do Quiosco, manifesta en data 4 de xuño de 2008 a súa conformidade a substitución do emprazamento orixinal na Rúa Rosalia de castro esquina Rúa Oporto, polo proposto na zona peonil fronte a Praza de Abastos do Calvario.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local mediante acordo do 26 de decembro de 2006, adjudicou o concurso para a concesión do uso privativo do dominio público mediante a instalación de dous quioscos na vía pública á Rede Galega de Quioscos, S.L., de acordo cos proxectos e prego de condicións aprobado o 19.4.2006 e a oferta presentada. Adjudicación formalizada en documento administrativo o 9.3.2007 coa entidade adjudicataria.

Segundo.- O Prego de Cláusulas administrativas sinala na cláusula VII apart. 4 que “O Concello reservase a facultade de variar o emprazamento das instalacións, con carácter temporal ou definitivo, se así o esixisen as necesidades de utilización do dominio público. Neste caso, o concesionario levantará ás súas expensas as instalacións do seu emprazamento orixinal e efectuará a nova instalación no emprazamento fixado por aquela, dentro do prazo dos 15 seguintes ó requerimento feito pola administración municipal (...)”.

Terceiro.- Dacordo co informe do servizo de Circulación Viaria de 31.03.2008, a modificación no emprazamento orixinal previsto para a instalación do Quiosco pola concesionaria na Rúa Rosalía de Castro esquina con Rúa Oporto, ven motivado porque neste lugar, “dadas las dimensiones del quiosco y al estar próximo a un paso de peatones reduce la visibilidad del mismo, aumentando el riesgo de accidente. Además dada su longitud y altura, aún dejando un paso para los viandantes suficiente, de más de dos metros, al estar muy próximo a la fachada, en caso de alguna incidencia dentro del edificio en la que tuviera que actuar algún equipo de salvamento, estorbaría las labores del mismo”.

Consecuentemente co informado, e unha vez que a concesionaria a prestado conformidade o novo emprazamento, procede a modificación deste, fixando e autorizando a nova ubicación para instalación do quiosco fronte á entrada do mercado de Teis.

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto na Lei 7/85 RBRL .

Por todo o que antecede proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Modificar o emprazamento orixinal autorizado pola Xunta de Goberno Local, o 26 de decembro de 2006, para a instalación por COGAMI GALEGA QUIOSCOS S.L. dun quiosco na Rúa Rosalía de Castro esquina Rúa Oporto, pola nova ubicación fronte á entrada do mercado de Teis.

SEGUNDO.- Conceder a concesionaria, COGAMI GALEGA QUIOSCOS S.L., un prazo de 15 días para que proceda a instalación do quiosco autorizado no novo emprazamento.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente á Area de servizos Xerais e ao Departamento de Patrimonio, para inspección e supervisión de dita instalación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(985).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 17.237,04 € POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO MUSEO VERBÚM DURANTE O PERÍODO XANEIRO-MAIO 2008. EXPTE. 567/340.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 12.06.08, e de acordo co informe-proposta do director administrativo do Museo Verbum, do 5.06.08, conformado polo concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar o gasto por un importe total de 17.237,04 € desglosado do seguinte xeito:

- Un importe de 2.237,04 € da factura nº 2604V310087 presentada no Rexistro Xeral en data 07/05/08, a prol da empresa servizos Secúritas, S.A. con CIF: A-2898680.
- Un importe de 1.200 € da factura nº 33 presentada no Rexistro Xeral en data 28/04/08, a prol da empresa Asociación cultural e musical “Os Trasnos da Gaita”, con CIF: G-36949063.
- Un importe de 480 € da factura nº 9/2008 presentada no Rexistro Xeral en data 12/05/08 a prol da empresa Asociación Pavis Pavos, con CIF: G-36280089.
- Un importe de 850 € da factura nº A-36 presentada no Rexistro Xeral en data 06/05/08 a prol da empresa Berrombambán, S.L., con CIF: B-70096433.
- Un importe de 4.640 € da factura nº 171/08 presentada no Rexistro Xeral en data 22/05/08 a prol da empresa Escena Turística, S.L., con CIF: B-82901562.
- Un importe de 6.960 € da factura nº 92 presentada no Rexistro Xeral en data 5/06/08 a prol de Carlota Pérez Fernández, con NIF: 46904515 V.
- Un importe de 870 € da factura nº 5/2008 presentada no Rexistro en data 20/05/08 a prol da empresa Xitstudio Producciones Audiovisuales Galicia S.L., con CIF: B-36568020.

Estas facturas que se achegan ao expediente, deben ser imputados a Partida 4514.227.06.02 “Programa de actividades” do vixente orzamento municipal do Verbum-Casa das Palabras.

2º.- Recoñecer a obriga a prol das empresas:

- servizos Secúritas, S.A. con CIF: A-28986800 por un importe de 2.237,04 €, en concepto de realización de obradoiros para familias nos meses de xaneiro, febreiro e abril de 2008.
- Asociación cultural e musical “Os Trasnos da Gaita”, con CIF: G-36949063 por un importe de 1.200 € en concepto de realización de obradoiros “Xornadas de música galega” en tres sesións no mes de febreiro de 2008.
- Asociación Pavis Pavos con CIF: G-36280089 por un importe de 480 € en concepto de gasto polas actividades de contacontos realizadas no mes de marzo de 2008.
- Berrombambán, S.L. con CIF: B-70096433 por un importe de 850 € en concepto de sesións de contacontos a cargo de Paula Carballeira no Verbum no mes de marzo de 2008.
- Escena Turística, S.L., con CIF: B-82901562 por un importe de 4.640 € en concepto de actividade do Día Internacional da Danza no Verbum realizado no mes de abril de 2008.
- Carlota Pérez Fernández, con DNI:46904515 V por un importe de 6.960 € en concepto de actuación no V Aniversario do Museo Verbum realizado no mes de abril de 2008.
- Xitstudio Producciones Audiovisuales Galicia S.L., con CIF: B-36568020 por un importe de 870 € en concepto de Gravacións e edición en DVD da xornada de lectura do Día das Letras Galegas no Verbum.

con cargo á partida 4514.227.06.02 “Programa de actividades” do presuposto municipal vixente no actual exercicio económico

3º.- Aboar as empresas:

- servizos Secúritas, S.A. con CIF: A-28986800 a factura nº 2604V310087 por un importe de 2.237,04 €,
- Asociación cultural e musical “Os Trasnos da Gaita”, con CIF: G-36949063 a factura nº 33 por un importe de 1.200 €,
- Asociación Pavis Pavos con CIF: G-36280089 a factura nº 9/2008 por un importe de 480 €,
- Berrombambán, S.L. con CIF: B-70096433 a factura nº A-36 por un importe de 850 €,
- Escena Turística, S.L., con CIF: B-82901562 a factura nº 171/08 por un importe de 4.640 €,
- Carlota Pérez Fernández, con DNI:46904515 V a factura nº 92 por un importe de 6.960 € e
- Xitstudio Producciones Audiovisuales Galicia S.L., con CIF: B-36568020 a factura nº 5/2008 por un importe de 870 €.

Con cargo á partida 4514.227.06.02 “Programa de actividades” do orzamento de gastos do museo Verbum-Casa das Palabras, en vigor para o actual exercicio económico.

6(986).- RECLAMACIÓN DE D^a. NOEMI GARROTE CASAL DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1456/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 17.06.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

Antecedentes:

D^a. Noemí Garrote Casal presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de febreiro de 2007, polos danos e prexuízos consecuencia dunha caída sufrida o día 27 de decembro de 2006 nas escaleiras do parque que comunica a rúa Martínez Garrido coa piscina municipal de Lavadores.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 28/02/2007.*
- *Informe do servizo da Policía Local, de data 16/04/2007.*
- *Práctica de proba testifical, en data 12/06/2007.*
- *Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 10/09/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 18/09/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. Garrote, que acredita con diversos informes médicos os danos sufridos na súa persoa.

Unha vez determinada a existencia do dano sufrido pola Sra. Garrote procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre este dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figuran o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA) . Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que resulte garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, deber que implica correlativamente o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. En consecuencia, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo a reclamante concorre neste caso, pois estima que a causa da súa caída foi o mal estado das escaleiras nas que caeu.

No presente suposto, a caída se produce ó baixar a Sra. Garrote polas escaleiras do parque da Urbanización de Rivera Atienza que comunican a rúa Martínez Garrido coa piscina municipal de Lavadores, feito do que non existe dúbida pois quedou plenamente acreditado coa proba testemuñal practicada. No entanto, segundo informa o Servizo de Vías e obras estas escaleiras están en perfecto estado de conservación, non existe desperfecto ningún. A Sra. Garrote responsabiliza da súa caída o deseño das escaleiras, estas teñen no seu borde unhas varillas de aceiro que considera que supoñen un perigo cando están molladas, como o día da súa caída. No entanto, calquera superficie cando está mollada é esvaradía. Se as escaleiras estaban molladas a Sra. Garrote debeu extremar a precaución no control da súa propia deambulación, pois o feito de que a beirarrúa este mollada aumenta o risco de accidentes como o que lle ocorreu a reclamante. Para poder establecer un nexos de causalidade entre a caída e o servizo público non consta ningún elemento no expediente do que se poida derivar que o deseño da escaleira represente un especial risco para os viandantes. Polo lugar transitan centos de persoas diariamente sen problemas, do que se deduce que as escaleiras non representan un perigo especial para os administrados, do contrario os accidentes serían frecuentes ó ser un lugar de moito tránsito. Tampouco no Departamento de Patrimonio tense constancia doutras reclamacións polos mesmos feitos. Esta obstensibilidade respecto ó feito de que as escaleiras estaban molladas e a dilixencia que normalmente hai que manter ó transitar polos lugares públicos fan supor a informante que a Sra. Garrote non controlou adecuadamente o seu propio deambular, circunstancia que propiciou a súa caída. Trátase polo tanto dun despiste, dun feito fortuíto e casual, totalmente alleo ó ámbito de responsabilidade da Administración. Se a estas circunstancias engadimos o dato de que a vítima é unha persoa xove carente de defectos físicos ou psíquicos que lle puidesen impedir ou dificultar a detección desta circunstancia, podemos concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexos causal, impedindo vincular ó funcionamento do servizo público o dano padecido. É doutrina xurisprudencial reiterada que o carácter obxectivo da responsabilidade patrimonial non supón que a Administración teña que responder de todas as lesións que se produzan no ámbito do servizo público, sendo preciso para ilo que a lesión poida imputarse ó funcionamento do servizo, quedando exonerada a Administración cando a intervención de terceiro ou do propio prexudicado reviste a suficiente intensidade para resultar determinante do resultado lesivo, quebrando a relación co servizo público en cuxo ámbito se teñen producido os feitos, aínda cando o funcionamento do mesmo sexa defectuoso (STS Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 6, de 30 outubro 2006).

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por D^a. Noemí Garrote Casal de 2007, en data 15 de febreiro de 2007, por non corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por esta como consecuencia dunha caída o día 27 de decembro de 2006, ó non resultar convenientemente probada a existencia de relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(987).- RECLAMACIÓN DE D^a. DOLORES ALONSO ARIAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1315/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 4.06.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

Antecedentes:

D^a. Dolores Alonso Arias presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de novembro de 2006, polos danos e prexuízos consecuencia dunha caída na vía pública o día 1 de xuño de 2006, mentres camiñaba pola rúa Gran Vía, á altura do número 34, por mor da existencia dunhas baldosas soltas na beirarrúa.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 01/06/2006.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 31/01/2007.*
- *Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 27/04/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 29/06/2007.*
- *Práctica de proba testifical, en data 10/01/2008.*
- *Evacúase novo trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 26/01/2008.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

A efectiva realización dun dano ou lesión en calquera dos bens ou dereitos do afectado, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, existindo unha relación de causa a efecto entre a actuación administrativa e o resultado danoso.

Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. Alonso, que acredita con diversos informes médicos os danos sufridos na súa persoa. Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81.a LALG). A Administración ten o deber ineludible de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun desaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia, a xuízo, tanto dos axentes da Policía Local que acudiron ó lugar do accidente a instancia da reclamante como das testemuñas presenciais da caída e do Servizo de Vías e Obras municipal, entraña un risco especial para os viandantes, ó non ser visible en circunstancias normais de circulación e tránsito. Ó non estar as lousas fixadas ó solo se levantan ó ser pisadas, circunstancia que non é posible prever inda empregando a dilixencia esixible como concreción da regra do control da propia deambulación polos viandantes. Podemos concluír, polo tanto, que existe unha relación de causalidade entre os danos sufridos pola Sra. Alonso e o anormal funcionamento do servizo de mantemento viario.

Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos pola Sra. Alonso, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e prexuízos.

A reclamante solicita unha indemnización de 9.070,55 € mais os xuros legais dende a data do sinistro ata a data do seu completo pago. Cantidad que desglosa en dous conceptos: a indemnización por 148 días de baixa impeditivos (7.256,44 €) e un 25% de factor de corrección por idade laboral (1.814,11 €).

O Dr. Guillén, da asesoría médica do concello, no seu ditame considera este período de baixa moi dilatado xa que unha fractura non desprazada do 5º metatarsiano precisa dunha inmovilización de 20 a 30 días e de 15 días de recuperación funcional e non existe no expediente ningún informe médico que refira complicación na evolución desta fractura, e pon de releve que no momento do accidente a Sra. Alonso xa estaba de baixa por unha lesión no seu nocello dereito, lesión que a xuízo do seu médico de cabeceira é unha fractura etiolóxicamente moito mais grave que a fractura do 5º metatarsiano. Á vista destes datos, conclúe en que o correcto é estimar un período de baixa de 60 días, 30 de incapacidade temporal impeditiva e outros 30 de

incapacidade temporal non impeditivos, e lle recoñece un factor de corrección por idade laboral dun 10%, resultando unha indemnización de 2.556, 51 €.

A Sra. Alonso manifesta a súa disconformidade con esta cantidade por canto estima que o ditame médico ten o seu orixe nunha suposición do informante. Non entanto, á vista dos partes de baixa achegados ó expediente, resulta que cando acaeceu o accidente que nos ocupa, á reclamante lle entregaron o parte de confirmación nº 15, de data 02/06/2006. Neste parte se fixeron constar as dúas lesións, a fractura do nocello e a do pe esquerdo. Nos partes de confirmación do nº 17 o nº 22 se fai constar como lesións “traumatismos”, pero no parte 23, de data 27/07/2006, na descrición da limitación funcional nesa data so se menciona “accidente tobillo derecho”, é dicir, que nesa data xa non se menciona a lesión do pe esquerdo consecuencia da caída na rúa. Nos seguintes partes, do nº 24 ó nº 34 non se menciona o diagnóstico. En cambio, no parte nº 35, de data 19/10/2006, se volve a describir a limitación funcional e de novo se menciona unicamente “accidente tobillo derecho”, e se lle pauta rehabilitación por esta lesión, causando alta da mesma en data 26/10/2006. A falta dun informe médico dun especialista valorando as lesións e describindo a súa evolución, á vista da documentación que consta no expediente, temos que concluír que a baixa pola lesión de fractura non desprazada do 5º metatarsiano do pe esquerdo abarca o período do 01/06/2006 ó 27/07/2006, é dicir, 57 días, período que si coincide coa estimación do Dr. Guillén, se ben teríamos que descontar do seu ditame 3 días de baixa non impeditiva.

Procede por tanto aboar unha indemnización de 1.510 € por 30 días de baixa impeditiva e 731, 70 € por 27 días de baixa non impeditiva, cantidades ás que teríamos que engadir un factor de corrección por idade laboral do 10% (224, 22 €). O quantum indemnizatorio queda así fixado en 2.466, 42 €.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación formulada por D^a. Dolores Alonso Arias, en data 22 de novembro de 2006, por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por esta, indemnizándoa coa cantidade de 2.466, 42 € en concepto de danos e prexuízos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(988).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ CARLOS COSTAS ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1451/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 13.06.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).

Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).

Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).

Antecedentes:

A entidade Liberty Seguros presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. José Carlos Costas Alonso, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de febreiro de 2007, no que expón que o día 28 de novembro de 2006, cando circulaba pola avenida do Aeroporto, co vehículo de súa propiedade, con matrícula 3343-CZK, sufriu unha serie de danos materiais tras pasar por unha focha existente na calzada.

A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Parte do servizo da Policía Local, de data 28/11/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o condutor do vehículo sinistrado – D. Rubén Costas García - relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobaban a existencia de danos no vehículo e dunha focha na vía, á que proceden sinalizar.

Informe do servizo de Vías e Obras, de data 22/03/2007, sobre o estado do lugar no que o reclamante indica ter ocorrido o accidente.

Informe do servizo de Parque Móbil, de data 09/04/2007, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Abalde, presentado polo reclamante, por un valor de 300,80 euros son correctos.

Informe do Inventario municipal, de data 12/04/2007, no que confirman a completa titularidade municipal da vía na que ocorreu o accidente.

Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 19/04/2007, que non formula alegacións.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio do Sr. Costas, que acredita cunha factura de reparación nun taller mecánico os danos sufridos no seu vehículo.

Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA). Así, a Administración ten o deber ineludible de manter as vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo o reclamante concorre neste caso, dado que manifesta ter danado o seu vehículo por mor do mal estado calzada, circunstancia que se corrobora no parte de servizo da Policía Local elaborado con ocasión do accidente e no informe do servizo de vías e obras.

No entanto, para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivera constancia do accidente. Sen embargo, cando os axentes chegan ó lugar dos feitos o accidente xa tiña acaecido e, en consecuencia, ó non telo presenciado, unicamente poden dar fe da existencia dunha focha na calzada e de que o vehículo do Sr. Costas tiña unha xanta danada, máis non de que a causa dos danos que presentaba o vehículo foran consecuencia de ter pasado por enriba desta focha. Como non existen testemuñas presenciais do accidente é imposible determinar a causa dos danos do vehículo do Sr. Costas. A vista destes datos, a informante conclúe que, se ben non existe dúbida de que o vehículo do Sr. Costas sufriu danos, non existe proba ningunha da súa conexión causal co funcionamento anormal do servizo público de mantemento viario desta Administración.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Liberty Seguros, en nome e representación de D. José Carlos Costas Alonso, en data 14 de febreiro de 2007, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(989).- RECLAMACIÓN DE D^a. ROSA RODRÍGUEZ BASTOS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1387/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 13.06.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*
- *Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións locais (RS).*
- *Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa (LEF).*
- *Prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo (PCCSA).*

Antecedentes:

D^a. Rosa Rodríguez Bastos presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de xaneiro de 2007, polos danos e perdas derivados dunha caída sufrida o día 11 de setembro de 2006 mentres camiñaba polo arcén da Carreiteira da Venda, á altura do número 330-336, ó tropezar nunha arqueta que se atopaba a un nivel inferior ó da calzada.

A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 17/01/2007, 10/10/2007 e 02/04/2008.*
- *Ditame de valoración de danos, de data 19/03/2007.*
- *Informe do servizo da Policía Local, de data 02/05/2007.*
- *Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 14/06/2007.*
- *Práctica de proba testifical, en data 22/06/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 14/11/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 14/12/2007.*
- *Evacúase novo trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data en data 14/05/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

A efectiva realización dun dano ou lesión en calquera dos bens ou dereitos do afectado, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, existindo unha relación de causa a efecto entre a actuación administrativa e o resultado danoso.

Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano, dano residenciable no patrimonio da Sra. Rodríguez, que queda acreditado coa presentación de diversos informes médicos. Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.11 e 26.1.a LBRL e 80.2.11 e 81.a LALG). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O concesionario ten a obriga do mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo de abastecemento de augas e saneamento e a responsabilidade do seu funcionamento (cláusula 26 PCCSA), así como a de indemnizar a terceiros polos danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible (artigos 128.1 3ª RS e 121.2 LEF).

No entanto no caso que nos ocupa, se ben a caída se produzo pola existencia dunha arqueta fora de rasante, segundo informa o Servizo de Vías e obras municipal a competencia do recrido do rexistro lle correspondería ó Concello, no ámbito do servizo público de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA) .

A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). Se ben, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Tras a proba practicada durante a instrución do expediente non existe dúbida da caída da Sra. Rodríguez, e consta probado que a causa da mesma foi a existencia dunha arqueta desnivelada na Carreiteira da Venda. Sen embargo, tal e como se aprecia nas fotografías que constan no expediente, era ostensible que este rexistro se atopaba nunha cota lixeiramente inferior o resto da calzada. Heimos de ter en conta ademais o dato de que a arqueta ten un diámetro de 60 cm, o que determina que poda ser apreciada a suficiente distancia para poder evitar pisala. Este extremo é confirmado pola testemuña presencial dos feitos, que o ser preguntada polo instructor sobre se había algún

defecto na rúa e a que distancia podía apreciarse (pregunta nº 8), resposta “a tapa que está máis alta que a carreteira, mirase pero pero hai que estar atenta”. Esta ostensibilidade no tocante a presenza dunha arqueta fora de rasante na calzada e a dilixencia que normalmente hai que manter ó transitar polos lugares públicos fan supor a informante que a Sra. Rodríguez, que circulaba en compañía de D^a. Carmen Vila, e presumible que ó ir charlando se despistase e non controlase adecuadamente o seu propio deambular, circunstancia que propiciou a súa caída. A doutrina xurisprudencial admite entre as circunstancias que poden romper o nexo de causalidade tanto a intencionalidade da vítima como a negligencia desta na produción do dano sempre que teñan sido determinantes da existencia da lesión (STS de 15 de decembro de 1997, Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 6^a). Podemos concluír, en consecuencia, que esta negligencia da Sra. Rodríguez no control do seu deambular rompe o nexo causal e non permite imputar a esta Administración a responsabilidade dos danos sufridos pola mesma.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. Rosa Rodríguez Bastos en data 11 de xaneiro de 2007 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(990).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a ELENA GUILIAS PÉREZ RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1438/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 10.06.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).

Antecedentes:

D^a. María Elena Gulias Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 8 de febreiro de 2007, polos danos e perdas consecuencia dunha caída sufrida o día 27 de novembro de 2006 cando circulaba pola Praza da Independencia por mor do mal estado do pavimento da beirarrúa.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 14/02/2007 e 22/04/2008.
- Práctica de proba testifical, en data 09/05/2007.
- Ditame médico de valoración de dano corporal, de data 27/08/2007.

- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 25/09/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

A efectiva realización dun dano ou lesión en calquera dos bens ou dereitos do afectado, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, existindo unha relación de causa a efecto entre a actuación administrativa e o resultado danoso.

Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano, dano residenciable no patrimonio da Sra. Gulias, que acredita cun informe médico os danos sufridos na súa persoa e con facturas os danos materiais. Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figuran o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA). A Administración ten o deber ineludible de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun desaxitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciables polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP).

Tras o exame da proba practicada durante a tramitación do expediente resultan indubitados tanto o deficiente estado do pavimento da Praza da Independencia como o feito da caída da Sra. Gulias. Efectivamente, se constata como causa da caída da reclamante a defectuosa pavimentación da praza. Tal circunstancia, a xuízo da testemuña presencial da caída, coñecedora da zona pois ten alí un despacho profesional, entraña un risco especial para os viandantes, ó ter que circular con moita precaución para non engancharse nos lastros do empedrado. De feito, manifesta ter visto caer máis xente no lugar e ter enganchado os tacóns ela mesma un fato de veces. Podemos concluír, polo tanto, que existe unha relación de causalidade entre os danos sufridos pola Sra. Gulias e o anormal funcionamento do servizo de mantemento viario.

Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos pola Sra. Gulias, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. A asesoría médica deste Concello a cuantifica en 1.392,86 €. Esta cantidade se desglosa nos seguintes conceptos: a indemnización correspondente o período de incapacidade

temporal e gastos de roupa e calzado. Como xustificación destes gastos, a Sra. Gulias presenta un informe médico que acredita o período de baixa e dous presupostos de compra dun pantalón e duns zapatos. Se embargo, non consta acreditada a rotura dos zapatos con ocasión da caída, polo que non procede o seu aboamento. Respecto o pantalón, resultando probado que se rompeu, sen embargo, non se aportou a factura orixinal de compra do mesmo ou canto menos, de non dispor da mesma, se presentou o pantalón na oficina tramitadora ó efecto de determinar en función da súa marca o importe aproximado de compra, non procedendo, en consecuencia, o seu aboamento.

Con respecto ó período de baixa, a Sra. Gulias manifesta a súa desconformidade co número de días de incapacidade temporal fixado no ditame médico elaborado a instancia desta Administración. O Dr. Guillén os fixa en 38 días, 10 de baixa impeditiva e 28 de baixa non impeditiva. No entanto, segundo a reclamante, no propio informe médico achegado ó expediente consta como duración do episodio 45 días. Comprobada a veracidade deste dato, resulta procedente indemnizar a reclamante por un período de incapacidade temporal de 45 días, 10 de baixa impeditiva (503, 50 €) e os restantes 35 de baixa non impeditiva (949, 20 €). Queda fixado así o quatum indemnizatorio en 1.452, 70 €.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. María Elena Gulias Pérez, en data 8 de febreiro de 2007, por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por esta, indemnizándoa coa cantidade de 1.452, 70 € en concepto de danos e prexuízos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(991).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DE ALUGUER DE MAQUINARIA CON OPERADOR PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 55050/250.

Vistas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación realizada o día 04.06.08, fiscalizada con data 11 do mesmo mes e conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Sercocsa Proyectos y Obras, S.A.” o aluguer de maquinaria con operador para o servizo de Vías e Obras (expte 55050-250) por un prezo de 390.000 euros e unha baixa do 6% respecto dos prezos unitarios do anexo 1 ó prego de cláusulas administrativas. Todo iso de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno do 07-04-2008 e a oferta presentada

12(992).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS MEDIANTE CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO POLA FORMA DE CONCERTO. EXPTE. 2203/252.

Vistas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación realizada o día 04.06.08, fiscalizada con data 12 do mesmo mes e conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar á Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. o procedemento negociado para a contratación da Xestión do servizo de tratamento dos Residuos Sólidos Urbanos mediante concesión de servizo público pola forma de concerto. (expte 2203-252) por un prezo por tonelada de lixo tratado de 53,92 euros e un prezo anual do contrato de 7.065.053 euros. Todo iso de acordo cos pregos de

condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno do 29-04-2008 e a oferta presentada

13(993).- PROXECTO BÁSICO DA OBRA PÚBLICA MODIFICADA DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS DE VIGO E ZONAS COMPLEMENTARIAS E EXPLOTACIÓN COMERCIAL. EXPTE. 605/410.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

14(994).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE SANTA MARTA. EXPTE. 7446/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 3.06.08, conformado pola concelleira de Educación, a xefa do Servizo de fiscalización e o interventor xeral, que di o seguinte:

Na sesión de 07-08-2006 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar a Colegio Los Milagros, S.L. os servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta.

Na clausula 2.3 do prego de clausulas administrativas particulares e apartado 7 das FEC establece como prazo de execución do servizo o comprendido entre o 1 de setembro de 2006 e o 31 de xullo de 2008. Igualmente, considérase a posibilidade de prórroga do contrato por períodos anuais ata un máximo de dúas prórrogas, de modo que a duración total do contrato (incluídas as dúas prórrogas) non podería exceder de catro anos (cláusula 2.3.2 do Prego tipo de cláusulas administrativas), sempre que o contratista non se opoña á dita prórroga cunha antelación de cinco meses respecto do vencemento do prazo.

O xefe do servizo de Educación propón en informe de data 19/02/2008 a proroga do contrato para o periodo comprendido entre o 01-08-2008 e 31-07-2009.

A vista das anteriores consideracións, e previo informe da Intervención Xeral, propónse a Xunta de Goberno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

1º.- Prorroga-lo contrato dos servizos de servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Santa. Marta adxudicado por acordo da Xunta de Goberno de 07-08-2006 á Colegio Los Milagros, S.L.. polo periodo 01-08-2008 a 31-07-2009.”

2º. Autorizar e comprometer un gasto de 170.421,79 euros (máis as pertinentes revisións de prezos que correspondan segundo a actualización do IPC), dos cales:

- 71.009,08 euros corresponden ó período agosto-décembro 2008, con cargo á partida presupostaria 42202270606 do exercicio económico 2008.”

- 99.412,71 euros corresponden ó período xaneiro-xullo 2009, con cargo á partida presupostaria 42202270606 do exercicio económico 2009.”

Acordo

A Xunta de goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(995).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Ó TRABALLADOR ADSCRITO AO IMD, D. JAVIER PINAL FALQUE, CORRESPONDENTE AO SEGUNDO SEMESTRE 2007. EXPTE. 18109/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 10.06.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.03.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 25 de maio de 2007, acordou recoñecer e aboar ao administrativo de Admon Xeral, D Javier Pinal Falque, con nº de persoal 77226, adscrito ao Organismo Autónomo IMD a cantidade de 4968.95 € anuais, en concepto de produtividade a devengar semestralmente, previo informe do Director Técnico do IMD, conformado polo Presidente do mesmo, acreditativo da especial dedicación do funcionario no período correspondente, ata que sexa posible a adecuación retributiva do posto coas funcións a desenvolver.

Con data 28 de decembro de 2007, recibese informe do Director Técnico do IMD, co VºBº do Presidente do IMD no que se informa que D Javier Pinal Falque, administrativo de admon Xeral, no período comprendido entre o 1 de xullo ao 31 de decembro de 2007 ven desempeñando con especial adicación as tarefas encomendadas, entre as que se atopan o control do orzamento do organismo autónomo IMD, ingresos e gastos de cada unha das instalacións, comprobación de facturas, manexo e custodia de fondos, elaboración de expedientes de contratación, elaboración da nomina, ademais da dual responsabilidade na organización e funcionamento da oficina administrativa do IMD.

Polo anteriormente exposto e , segundo acordo da Xunta de Goberno Local anteriormente citado, corresponderíalle o aboamento da cantidade de 2484,475 €, correspondentes ao 2º semestre do ano 2007.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aboar a cantidade de 2.484,475 €, correspondentes ao 2º semestre do ano 2007.

16(996).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO, UNHA DIPLOMADA EN TRABALLO SOCIAL POR RENUNCIA DA NOMEADA NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 19.05.08. EXPTE. 18275/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 23.04.08, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización, do 29.05.08, conformado pola xefa de Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 29 de abril de 2008, acordou a urxencia para a contratación laboral por obra ou servizo determinado de dúas Diplomadas en Traballo Social, autorizando á Alcaldía Presidencia para formalizar dous contratos laborais temporais de Diplomados/as en Traballo Social baixo a modalidade de obra ou servizo determinado, regulado polo RD Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15.a, lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, polo período comprendido entre o cinco de maio e o trinta e un de decembro de 2008, coas seguintes candidatas que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Diplomado/a en Traballo Social, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2005, de conformidade coas bases xerais da mesma e o disposto no art. 3.3º da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas:

En execución do referido acordo, formalizouse con data 6 de maio de 2008 con Dª. Alejandra Fernández Conde o correspondente contrato de traballo por obra ou servizo determinado, non así coa outra aspirante Dª. Sofía Méndez Caamaño, que con data 30 de abril anterior presentou a través de escrito doc. 80053331 no Rexistro Xeral a súa renuncia voluntaria por ter aprobado o proceso de selección dunha traballadora social para a oficina de inmigración.

Para cubrir a referida renuncia voluntaria, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 19 de maio de 2008, adoptou acordo aceptando a renuncia formulada pola aspirante D^a Sofía Méndez Camaño, D.N.I. 76.826.904-G, como Diplomada en Traballo Social, segundo escrito presentado no Rexistro Xeral deste concello, doc. n^o 80053331 de data 30 de abril de 2008, toda vez que a mesma foi contratada para a oficina de información e atención específica de emigrantes, expediente 28162/301, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 5 de maio de 2008 e, autorizando a á Alcaldía Presidencia para formalizar un contrato laboral temporal de Diplomada en Traballo Social baixo a modalidade de obra ou servizo determinado, regulado polo RD Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15.a, lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, polo período comprendido entre o vinte de maio e o trinta e un de decembro de 2008, coa aspirante D^a. LARA MARIA SANCHEZ BUCETA, .D.N.I. 76.782.649-W, candidata que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Diplomado/a en Traballo Social, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2005, de conformidade coas bases xerais da mesma e o disposto no art. 3.3^o da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas, contrato que foi formalizado coa interesada con data 21 de maio pasado.

A través de escrito de data 28 de maio do presente ano, a referida traballadora social D^a. Lara María Sánchez Buceta, presentou a través de escrito doc. 80067514 no Rexistro Xeral a súa renuncia voluntaria por motivos personais.

En consecuencia procede cubrir novamente a vacante producida pola nova renuncia, requirindo a seguinte aspirante da lista de substitucións existente da derradeira convocatoria da Oferta de Emprego Público, que figura no noveno lugar, D^a. Aurora Murillo Díaz, (toda vez que as que figuran nos catro primeiros postos como reservas xa figuran como contratadas laborais na actualidade por acumulación de tarefas, as que figuran no 5^o, 6^o e 8^o lugar da lista renunciaron por mellora de emprego, e, a que figura no sétimo lugar xa foi contratada con data 6 de maio anterior por obra ou servizo determinado), significando que a aspirante cuia contratación se propón, aceptou expresamente, mediante fax de data 29 de maio actual, optar a mesma.

Fundamentos legais.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3^o do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Asi mesmo, de conformidade co disposto no artigo 27.1 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral do ingreso do persoal ó servizo da administración xeral do estado, en concordancia co disposto no artigo 19 do decreto autonómico 95/91 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de selección e ingreso do persoal da administración autónoma de Galicia, o procedemento deberá posibilita-la máxima axilidade na selección en razón á urxencia requerida para cubrir transitoriamente os postos de traballo en tanto se destina ós mesmos a funcionarios de carreira.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 9 de xuño de 2006, e DOGA de 21 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2005, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade, xa que a candidata proposta superou os exercicios da oposición para a cobertura de sete prazas de Diplomado/a en Traballo Social.

Asemade, e segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 51/2007, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008, poderá procederse ao nomeamento de persoal interino para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, como é o caso.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por obra ou servizo determinada-, esta definida para atende-la realización dunha obra ou a prestación dun servizo determinado (art. 15.1 ET e art. 1 a) e 2 do RD 2720/1998, de 18 de decembro).

Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, o Técnico de Organización que subscribe, coa conformidade da xefatura da Unidade de Pesoal, propón á Xunta de Goberno Local, vistos os informes da Intervención Xeral de 21 e 23 de abril de 2008 e o informe xurídico de 29 de abril seguinte, emitido pola Xefa da Unidade de Persoal, en relación os expedientes nº s 18190/220 e 18239/220, de contratación laboral por obra ou servizo determinado de dous/dúas diplomados/as en Traballo Social, que da lugar o presente expediente, a aprobación da seguinte, PROPOSTA:

“Primeiro.- Acepta-la renuncia voluntaria por circunstancias persoais, formulada pola traballadora social D^a Lara María Sánchez Buceta, D.N.I 76.872.649-W, contratada con efectos do pasado día 21 de maio por obra ou servizo determinado como Diplomada en Traballo Social, segundo escrito presentado no Rexistro Xeral deste concello, doc. nº 80067514 de data 28 de maio de 2008, con efectos de data 30 de maio de 2008.

“Segundo- Autorizar á Alcaldía Presidencia para formalizar un contrato laboral temporal de Diplomada en Traballo Social baixo a modalidade de obra ou servizo determinado, regulado polo RD Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15.a, lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, polo período comprendido entre o vintetrés de xuño e o trinta e un de decembro de 2008, coa aspirante D^a. AURORA MURILLO DÍAZ, D.N.I. 36.122.133-N, candidata que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Diplomado/a en Traballo Social, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2005, de conformidade coas bases xerais da mesma e o disposto no art. 3.3º da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas:

Percibirá como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional das pagas extraordinarias do posto cód. 81 da Relación de postos de traballo vixente.

Con carácter previo á formalización do correspondente contrato a aspirante deberá acredita-la correspondente titulación esixida para participar na convocatoria anteriormente referida”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(997).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN QUE ANULA UN PERMISO RETRIBUÍDO CONCEDIDO AO FUNCIONARIO D. CARLOS RODRÍGUEZ LAGO. EXPTE. 18312/200.

Dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 11.06.08, que di o seguinte:

Con data 27 de maio ppdo., en virtude de resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, lle foi concedido ao cabo do Servizo de Extinción de Incendios, D. Carlos Rodríguez Lago, núm. persoal 20669, un permiso especial retribuído (previsto no art. 70.k) da Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio da función pública de Galicia) no período comprendido entre o 1 e o 30 de xuño de 2008.

O interesado, con data 10 de xuño actual (doc. núm. 80073439), solicita se deixe sen efecto referido permiso concedido para atender a súa nai, por falecemento da mesma.

Por isto, a funcionaria que suscribe, propón ao Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal dicte a seguinte Resolución:

“Deixar sen efecto a partir do día 10 de xuño actual o permiso retribuído concedido a D. Carlos Rodríguez Lago, núm. persoal 20669, cabo do servizo de Extinción de Incendios (do 1 ao 30 de xuño de 2008) por desaparecer a causa que o motivou.”

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

18(998).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS ESTATUTOS PARA INICIAR OS TRÁMITES DE CONSTITUCIÓN DA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU. EXPTE. 2440/104.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa en funcións do Servizo de Turismo, do 9.06.08, conformado polo concelleiro da Área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, que di o seguinte:

O Spain Convention Bureau é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa na actualidade a 41 cidades de congresos. Constituíuse en 1984, no seno da Federación Española de Municipios e Provincias, como unha sección especializada dentro da Comisión de Turismo, coa denominación de Sección Española de Cidades de Congresos.

Os seus obxectivos principais son, por un lado, promover o intercambio de experiencias e información deste sector turístico entre os municipios que o forman e, por outro, realizar accións de promoción conxunta tanto nacional como internacional.

Principais actividades do SCB:

- 1. Asesorar e proporcionar información sobre os lugares máis idóneos para realizar un evento, dependendo do número de asistentes e a capacidade hoteleira requirida.*
- 2. Elaborar un informe estatístico sobre o mercado de reunións co obxectivo de mellorar o coñecemento do mercado e, a partir de aí, establecer estratexias de marketing.*
- 3. Elaborar un calendario de congresos anual.*
- 4. Realizar accións promocionais nacionais e internacionais.*
- 5. Levar a cabo xornadas e seminarios para mellorar a formación do persoal técnico dos entes municipais.*

2.- Requisitos de incorporación de novos membros ó Spain Convention Bureau.

- a) Que existan recursos humanos e estruturas funcionais de xestión e promoción que posibiliten a intervención municipal e provincial en materia turística (Fundación Vigo Convention Bureau).*
- b) Dispor de infraestruturas de aloxamento, hostalería e servizos axeitados para acoller este tipo de eventos.*
- c) Dispor de equipamentos para o desenvolvemento de actividades complementarias, culturais, deportivas e de ocio.*
- d) Dispor dunhas instalacións que permitan acoller, nun edificio único, Palacio ou Centro de Congresos, equipado de forma adecuada, a unha reunión, convención ou congreso de, cando menos, 500 persoas.*
- e) Estar en disposición de dar aloxamento e facilidades de catering a, polo menos, 500 persoas.*
- f) Dispor de boas comunicacións terrestres e aéreas.*
- g) Poseer un bo equipo de profesionais na organización de congresos.*
- h) Oficina de congresos con persoal cualificado e unha adecuada infraestruturas.*
- i) Demostrar que se realizaron na cidade solicitante con éxito cinco congresos internacionais (con participación de, cando menos, tres países distintos), nos últimos tres anos.*

3.- Marco xurídico para a constitución da figura xurídica que desenvolva o proxecto Vigo Convention Bureau:

A decisión de constitución da figura xurídica que dará forma o proxecto Vigo Convention Bureau establece no ámbito da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e polo Decreto 248/1992 do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, na medida na que non quede derogado pola Lei anterior, así como a Lei 30/1994, de 24 de novembro, de Fundacións e de Incentivos Fiscais á Participación Privada en Actividades de Interese Xeral e polas demais disposicións legais e regulamentarias que lle sexan de aplicación, tamén se rexerá polo Real Decreto 1337/2005, de 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal, ou polas disposicións que o substitúan, no que supletoriamente lle sexa de aplicación.

4.- Ámbito de actuación:

O proxecto “Vigo Convention Bureau” desenvolverá as súas actividades principais na Comunidade autónoma galega, sen prexuízo de que nas súas actividades promocionais de proxección da imaxe da cidade poida exceder este ámbito territorial e establecer relacións instrumentais con terceiros en diferente ámbito territorial.

5.- Obxecto e fins de “Vigo Convention Bureau:

O obxectivo do “Vigo Convention Bureau” é a captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo, así como a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións.

Para o cumprimento dos obxectivos anteditos o “Vigo Convention Bureau” levará a cabo as seguintes accións:

- Captación de congresos, mediante a actuación ante as institucións, entidades e grupos ou persoas que as convoquen, presentación de candidaturas en colaboración cos seus delegados locais, facendo un seguimento para a súa obtención e actuación ante as diversas administracións para o seu fomento.
- Captación de convencións e viaxes de incentivos de grandes empresas, mediante promocións específicas en diferentes cidades nacionais e internacionais, viaxes de familiarización a Vigo de altos executivos con capacidade decisoria.
- Información e axuda na selección de infraestruturas e servizos especializados para a organización de todo tipo de eventos, reunións, conferencias, congresos, etc.
- Soporte para a confección de programas de actividades para viaxes de incentivo e programas culturais, sociais e de ocio para delegados e acompañantes.
- Aglutinar ás empresas, institucións, organismos, que presten servizos para a organización de congresos, reunións, conferencias, simposios, etc.
- Crear e consolidar unha conciencia pública - tanto oficial como privada - en relación coa transcendencia económica do turismo e, especialmente, do turismo de congresos e reunións.
- Servir como organismo asesor de todos os seus membros na materia específica obxecto da organización.
- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas con estas actividades.
- Representar no plano nacional e internacional á cidade de Vigo como sede de congresos e reunións, así como a todos os seus membros, podendo celebrar incluso convenios de cooperación ou colaboración con entidades do sector público ou privado, que contribúan ó desenvolvemento do mesmo.
- Coordinar con autoridades, organizacións e entidades de fomento e promoción do turismo as accións promocionais.
- Asistencia a feiras e salóns especializados.
- Accións promocionais en medios de comunicación nacionais e internacionais.
- Levar un rexistro de inscrición de empresas organizadoras e provedores de bens e servizos vencellados coa actividade de turismo de congresos
- Páxina web específica da Fundación Vigo Convention Bureau.
- Produción e distribución da Guía Profesional de Congresos, que aglutine toda a información turística, cun inventario de recursos turísticos e infraestruturas para a celebración de congresos, así como as empresas de servizos especializados para este tipo de eventos.

- *Asesoramento persoal para a organización de congresos ou reunións en Vigo, xestionando os contactos coas empresas profesionais necesarias.*
- *Coordinación coas áreas municipais correspondentes para a correcta utilización dos servizos municipais.*
- *Proporcionar información turística en distintos soportes e publicacións de interese ós delegados.*
- *Calquera outra actuación, vencellada cos fins anteriores, que decida o Padroado, dando conta delo ó Protectorado.*

6.- Entidades vinculadas o proxecto:

Para a constitución do presente proxecto a través da Fundación Vigo Convention Bureau, presentase a seguinte proposta de entidades que participaran na constitución da mesma:

O Concello de Vigo, Caixanova, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Innovación e Industria, a Cámara de Comercio, Industria e Navegación, a Confederación de Empresarios de Pontevedra e o Instituto Feiral de Vigo.

Ademais destas entidades a fundación, poderá contar con entidades colaboradoras que acrediten o seu interese en colaborar economicamente e de forma activa no desenvolvemento dos fins fundacionais da Fundación Vigo Convention Bureau.

7.- Órganos de goberno e xestión da Fundación Vigo Convention Bureau:

A estrutura de goberno e xestión estará conformada polos seguintes órganos de goberno e xestión da Fundación:

- *O Padroado*
- *O Comité Executivo*
- *E, o Xerente da Fundación.*

8.- Composición do padroado da Fundación:

En base a proposta de participación como entidades fundadoras do presente proxecto a composición do padroado estará integrado polos seguintes membros:

- *O Alcalde ou Alcaldesa – Presidente do Concello de Vigo.*
- *O Concelleiro/a de Turismo do Concello de Vigo.*
- *A Xunta de Galicia.*
- *O Director/a Xeral de Turismo da Xunta de Galicia.*
- *A Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo.*
- *O Instituto Feiral de Vigo.*
- *Caixanova.*
- *A Confederación de Empresarios de Pontevedra.*

Ademais formará parte do Padroado un representante do conxunto das entidades colaboradores da Fundación.

9.- Vías de financiación do proxecto Vigo Convention Bureau:

Para garantir a viabilidade económica do proxecto os recursos económicos da Fundación Vigo Convention Bureau compóranse de:

A dotación inicial.

As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidirase por parte do Padroado.

Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e no art. 19 do Decreto 248/1992.

Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.

Os rendementos do seu patrimonio.

Subvencións, axudas, bens, ou legados, así como os derivados de patrocinios.

Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

A Fundación Vigo Convention Bureau desenvolverá actividades económicas relacionadas cos fins fundacionais ou sexan complementarias ou accesorias ás mesmas, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

En base a todos os temas expostos redactarse o seguinte modelo de estatutos para dar forma a estrutura xurídica de “Fundación Vigo Convention Bureau”, e remítense os mesmos para informe da asesoría xurídica do Concello de Vigo de cara o inicio dos tramites necesarios para o proceso de constitución desta Fundación.

Por todo o antedito proponse a Xunta de Goberno Local que, previo informe da Asesoría Xurídica, adopte o seguinte acordo:

1.- “Aprobación da proposta de Estatutos para iniciar os trámites de constitución da Fundación Vigo Convention Bureau”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(999).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE REALIZACIÓN DUNHA ORTOGRAFÍA AÉREA DO TERMINO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 3179/407.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.06.08, e de acordo co informe-proposta do director dos Servizos Centrais, do 16.06.08, conformado pola xerente de Urbanismo e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a contratación polo procedemento negociado sin publicidade do servizo de realización dunha ortofotografía aérea do termo municipal de Vigo.

2º.- Autorizar o gasto por importe de 30.000 euros, con cargo á partida 4320.2270604 do Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo.

3º.- Aprobar o prego único de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexerá a devandita contratación.

20(1000).- REVERSIÓN DE EXPROPIACIÓN DE FINCAS DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO. DESESTIMACIÓN. EXPTE. 207/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do técnico de admón. Xeral, do 2.05.08, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

En data 6.06.07 don Manuel Freiría Maceira presenta escrito no que se solicita o seguinte: “(...) que teniendo por admitido este escrito y la documentación que se une, se tenga por ejercitado el DERECHO DE REVERSIÓN de las fincas que en listado anexo como documento nº 1 se aportan, dictando las órdenes e instrucciones oportunas a fin de que se cumplimiento al mismo, habilitando el título correspondiente, dando lugar a la operatividad de la reversión que se postula, con todas las consecuencias inherentes a la misma (...)”. Achega relación de nomes dos que se afirma que son expropiados integrados na asociación e certificado do acordo da Asociación de 21.04.2007.

Logo do oportuno requerimento para a acreditación da representación, se presenta novo documento (doc 70087050) o 27.07.07 no que se achegan escritos individualizados asinados polos membros da asociación que acreditan a súa vontade de solicitar a reversión dos terreos de referencia.

As fincas incluídas no proxecto expropiatorio para as que se solicita a reversión, son as seguintes: 7/0514, 7/1007, 4/1615, 4/1617, 1/1119, 4/0819, 4/1122, 4/1301, 3/0111, 3/0113, 5/0701, 3/1318, 7/1414, 4/1415, 5/1112, 4/1114, 4/1116, 4/1209, 4/0326, 4/0511, 7/0522, 3/1418, 3/0105, 4/1109, 6/1401, 6/1709, 3/0211, 7/1416, 6/1208, 4/1414, 4/1303, 6/0521, 7/1503, 7/2003, 7/2514, 7/1408, 7/1410, 7/1204, 3/0309, 4/0509, 1/0403, 4/0824, 4/1404, 2/1005, 5/1406, 1/0811, 1/0705, 4/0905, 6/0703, 4/0910, 6/0503, 4/1401, 3/0301, 6/1711, 6/2120, 4/0709, 7/2103, 7/2107, 7/2105, 7/2104, 4/1117, 7/2511, 7/2008, 7/2010, 7/0515, 7/1617, 7/1610, 3/0411, 3/0710, 1/1203, 3/1104, 3/1116, 3/1201, 3/1320, 5/1307, 7/1116, 7b/2008, 6/2112, 6/2117, 7/2214, 4/0412, 4/1706, 5/1211, 7/2112, 7/2213, 7/0414, 7b/2213 e 4/0307,

Para a análise da procedencia da reversión, se relacionan os seguintes antecedentes:

O Plan Xeral de ordenación urbana vixente por aprobación do Consello da Xunta de Galicia do 29/04/93 (D.O.G. 10/05/93) consideraba o Parque Tecnolóxico un Sistema Xeral de equipamento localizado entre as parroquias de Valadares e Beade, adscrito a un solo clasificado como Solo Urbanizable non Programado, do que o PXOU contén unha ficha de características para o desenvolvemento do correspondente PAU e Plan Parcial e que configura dito ámbito como Polígono industrial de nova creación a desenvolver mediante iniciativa de planeamento pública e polo sistema de expropiación.

O Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión celebrada o 27 de xullo de 1994, aprobou inicialmente a “Delimitación do ámbito territorial para desenvolvemento do sistema xeral de equipamentos do Parque Tecnolóxico”. Así mesmo, se deu aprobación á relación de bens, a súa valoración e a relación de propietarios.

Por acordo plenario de data 3.11.94 se deu aprobación definitiva a “Delimitación do ámbito territorial para desenvolvemento do Parque Tecnolóxico”, previsto no PXOU de Vigo, nos termos redactados e presentados polo Consorcio do Zona Franca.

O beneficiario da expropiación foi o Consorcio da Zona Franca de Vigo.

Na sesión plenaria de 29.09.00 se acordou o seguinte: “(...) Primeiro.- Aprobar definitivamente a modificación puntual do PXOU-Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, presentado polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, e redactada pola empresa de enxeñería e urbanismo <Interurban, S.A.> así como a documentación complementaria presentada por este organismo en data 12 de abril de 1999 (...)”.

O documento aprobado definitivamente establecía o seguinte: “(...) La presente modificación del Plan General de Ordenación Urbana de Vigo tiene los siguientes objetivos: Dar tratamiento actualizado a los terrenos del Parque Tecnológico, para lo que se procede a: 1. Otorgar al suelo la clasificación de <urbanizable>. 2. Ajustar la delimitación al parque tecnológico. 3 Recoger la definición del trazado de los sistemas generales viarios en las proximidades del parque tecnológico. 4. Establecer el nuevo uso de Innovación en el PGOU para dar unas características específicas al mismo (...). Por outra parte, xustifícase a clasificación do solo do seguinte xeito: “(...) El Plan general vigente clasifica los terrenos del Parque Tecnológico como suelo urbanizable no programado, a desarrollar mediante un Programa de Actuación Urbanística y su correspondiente Plan Parcial. La entrada en vigor de la Ley 1/97 del suelo de Galicia no contempla el llamado suelo urbanizable y su disposición transitoria segunda (...) Ante éstas circunstancias se podría optar por proceder a la redacción directa –sin modificación previa del planeamiento- de un plan parcial sobre <suelo rústico apto para el desarrollo>, de acuerdo con el artículo 78 de la Ley. Sin embargo, dado que necesariamente es necesario proceder a efectuar la presente modificación fundamentalmente por ajustes en la delimitación y otras razones, se ha optado por proponer la clasificación de <suelo urbanizable>, definiendo sus parámetros como se refleja en la ficha correspondiente (...)”.

Na ficha de modificación do planeamento, se mencionan as seguintes características: “(...) Edificabilidade bruta: 1.00 m²/m²; 2. Usos característicos: Industrial, innovación. 3. Usos incompatibles: Vivienda (se permiten viviendas para guardería en las condiciones establecidas en el PG para uso industrial. 4. Usos compatibles: Todos los demás. Los usos compatibles con los principales –Innovación e industrial- se entiende que son admisibles cuando están relacionados o complementan a los usos característicos de Parque Tecnológico y Logístico. En el Plan Parcial se establecerán las limitaciones de uso que, en cada zona sean precisas para compatibilizar los mismos con los usos principales (...)”

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

1.-Admisibilidade das solicitudes de reversión.- Apréciase que a reversión é exercida en tempo e en forma.

2.-Obxecto da solicitude presentada por don Manuel Freiría Maceira, no que actúa en nome e representación da “Asociación de afectados pola expropiación de terreos e outros bens para a construción do Parque Tecnológico de Vigo”.- Polos escritos relacionados nos antecedentes do presente informe proposta, se solicita a reversión da expropiación de predios incluídos dentro dos terreos para a implantación do Parque Tecnológico de Vigo (acordo de aprobación definitiva de 3.11.94).

3.-Réxime xurídico aplicable á reversión.- A solicitude de reversión (sin prexuízo de que se subsanou a falla de representación), foi realizada dentro da vixenza da Lei 6/98, de 13 de abril, de Réxime do solo e Valoracións. Polo tanto, deberase estar o que dispoñe a aludida norma no artigo 40.

4.-Motivo alegado para entender que se concurre un suposto de reversión dos terreos previamente expropiados.- Os solicitantes da reversión fundamentan a concorrencia da mesma baseándose no artigo 40 da Lei 6/98, 13 de abril, de Réxime do solo e valoracións. Estabrece o mesmo, o seguinte: “(...) Los terrenos de cualquier clase que se expropian por razones urbanísticas deberán ser destinadas al fin específico que se estableciese en el Plan correspondiente. 2. Si en virtud de modificación o revisión del planeamiento se alterara el uso que motivó la expropiación procederá la reversión (...)”.

En primeiro lugar, tense que mencionar que a modificación realizada coa aprobación plenaria de 29.09.00, supoñe a denominación de clasificación de solo urbanizable e se especifica que dentro do uso global industrial cabe entender o de innovación. O Plan xeral de ordenación urbana vixente aprobado polo Consello da Xunta de Galicia de 29.04.93 (DOGA 10.05.93), preveía a existencia dun “Sistema Xeral de equipamento” localizado entre as parroquias de Valladares e Beade, adscrito a un solo urbanizable programado. No Plan xeral de ordenación urbana se describen as pautas de desenvolvemento por medio dunha ficha, definindo o ámbito como un polígono industrial de nova creación a desenvolver mediante iniciativa de planeamento pública e polo sistema de expropiación. A modificación realizada, operada por acordo plenario de 29.09.00, supuso a adaptación da denominación das clases de solo ás previstas naquel momento vixentes Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións e á propia Lei 1/97, de 24 de marzo, de solo de Galicia. Pese a definición como sistema xeral, non pode entenderse que se trata dunha clasificación diferente á que resultou adscrito (solo urbanizable non programado). Mesmo para o solo urbanizable non programado (artigo 48.1 do Real decreto legislativo 1/92, de 26 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e ordenación urbana) e para o urbanizable que se encontraba na situación previa ó desenvolvemento (artigo 27.2 da Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións), estabrecen idénticos métodos de valoración, con independencia dos que resultaron de aplicación tra-la resolución do Xurado provincial de expropiación e nalgúns casos polo propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En cuanto ao uso especificado na modificación de planeamento operada por acordo do Pleno o 29.09.00, se deixa constancia que dentro do uso global industrial cabe entender o de innovación. No presente caso, trátase dunha concrección do uso e non unha alteración do mesmo. O uso global característico industrial non se ve aalterado pola modificación de planeamento. Únicamente se realiza a pormenorización do uso global, de tal xeito se introduce o “uso innovación”, pero sempre dentro do uso global industrial. O propio Tribunal Supremo

o 3.06.86 chega a mesma conclusión no sentido de non considerar que existe unha desafectación cando se procura a concreción de uso ou unha variación esencial na finalidade que deu lugar á expropiación dos terreos (STS 12.02.96). En conclusión, no suposto de que a expropiación sexa o instrumento de actuación de planeamento, non concorre un suposto de reversión cando non se produce unha afectación a unha finalidade incompatible coa causa expropiandi, ou como no presente caso, cando se trata dunha adaptación terminolóxica da clasificación do solo e á vez, unha concreción de pormenorización do uso global característico industrial.

5.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- En atención ó previsto no artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, deberá coñecer do presente asunto a Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, á vista do informado se PROPOÑE a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Desestimar a solicitude de reversión da expropiación dos propietarios das fincas descritas nos antecedentes do presente informe-proposta.

2.- Comunicar a presente resolución ós interesados, informando que contra a mesma cabe interpoñer con carácter postestativo, recurso de reposición no prazo dun mes ante esta mesma Administración ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1001).- PROXECTO DE COMPENSACIÓN UE I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2. REVISIÓN DE OFICIO. EXPTE. 4389/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do secretario da Xerencia de Urbanismo, do 10.06.08, que di o seguinte:

1.- No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente no 29/04/1993 (PXOU-93) delimitouse a Unidade de Execución "UE I-06 Rosalía de Castro II", cunha cualificación de solo urbano, edificabilidade media de 4 m²/m² e sistema de actuación por compensación.

2.- En data 20/06/1994 o Pleno do Concello acordou aprobar a delimitación definitiva e as Bases e Estatutos da Xunta de Compensación dese polígono, as cales foron posteriormente modificadas mediante Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 09/05/2002 (expte. 4315/401 -BOP núm. 13, do 18/01/2002 e núm. 105, do 04/06/2002). A Xunta de Compensación (XC) constituíuse no día 22/09/1994, inscribíndose no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras por acordo da entón Comisión Provincial de Urbanismo da CPTOPV da Xunta de Galicia do 23/12/1994 (Expte. 122/94).

O 03/05/1995 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente un Estudio de Detalle para a ordenación de volumes nese polígono (expte. 3402/411). Dito instrumento de planeamento foi impugnado por Eduardo Canabal Sanz perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) no recurso cont.-ad. 2/5420/1995. No día 04/07/1996 o TSXG dictou Sentenza desestimatoria do recurso (firme).

3.- Previos os trámites oportunos, no mes de outubro de 2004 e trala súa aprobación inicial pola asemblea da xunta de compensación expúsose ao público no Concello o proxecto de compensación do polígono por un prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncio no DOG núm. 210, do 28/10/2004 e notificación individualizada aos interesados.

Durante dito período interpuxéronse 13 escritos de alegacións, subscritos, respectivamente, por D. José Carlos Santomingo Azpeitia (Santodomingo e Hijos SL) -17/11/2004, D. José Novoa Diéguez -19/11/2004-, D. Carlos Rotea Villanueva -19/11/2004-, D^a Josefa González Rodríguez -23/11/2004-, D. Manuel Mallo Pérez -23/11/2004-, D. Felipe A. Estévez Vila -23/11/2004, D. Ramón Ángel Zarauza Ozores -29/11/2004-, D. Eduardo Guillén Vázquez (comunidade herdeiros de D. Higinio Vázquez Rodríguez) -2 escritos, no 29/11/2004-, D. José

María Rivas González -02/12/2004-, D. Rafael Figueroa Ibáñez -02/12/2004- e D. Eladio Fernández Rodríguez -07/12/2004-.

4.- Previos os informes técnicos e xurídicos precisos, en data 14 de febreiro de 2005 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación da UE “I-6 Rosalía de Castro 2.

Dito Acordo notificóuselle a D. Rodolfo Sánchez Jalda no día 7 de marzo de 2005, con indicación dos recursos que se podían interpór contra él, e do prazo máximo establecido para facelo, así como da posibilidade de acudir ao Xurado de Expropiación Forzosa (Fº 1240 do expte. admvo.).

5.- No día 20 de xuño de 2006 D. Rodolfo Sánchez Jalda interpuxo “Recurso de Reposición” contra o devandito Acordo de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación. Déuselle traslado dunha copia do Recurso á Xunta de Compensación, que procedeu a rebatilo mediante outro escrito presentado no 07/07/2006. No 15/09/2006 D. Rodolfo Sánchez Jalda presentou na Xerencia de Urbanismo un novo escrito completando o seu recurso anterior. Notificóuselle unha copia do mesmo á Xunta de Compensación, que procedeu a respostalo con outro interposto no 18/10/2006. No día 25/10/2006 D. Rodolfo Sánchez Jalda presentou un último escrito insistindo nos seus argumentos impugnatorios.

En data 26/12/2006 a Xunta de Goberno Local acordou desestimar o referido recurso de reposición. D. Rodolfo Sánchez Jalda impugnou dito acordo perante o Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Vigo no Procedemento Ordinario 30/2007. O litixio concluiu pouco despois co desistimento do recorrente.

6.- Por outra banda, só se promoveron dous procesos xudiciais máis contra o proxecto de compensación da UE “I-06 Rosalía de Castro 2”. O primeiro deles por D^a Josefa González Rodríguez e D. Lino Montero González (PO 17/2006), concluíu coa Sentenza do 02/05/2007 do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo, desestimatoria da demanda. O segundo, promovido por D. Rafael Figueroa Ibáñez e D. Ramón Ángel Zarauza Ozores (PO 118/2005, no Xulgado Cont-Ad. 1 de Vigo) rematou co seu desistimento, ratificado por Auto do 08/05/2007.

7.- No 30/08/2007 D. Rodolfo Sánchez Jalda interpuxo na Xerencia Municipal de Urbanismo un escrito no que solicitou a declaración de nulidade do proxecto de compensación e dos actos anteriores dos que trae causa por incorrer en vicio de nulidade de pleno dereito. Tamén, como consecuencia delo, a expropiación da súa finca e o pago dunha indemnización de 234.394,72 euros.

Déuselle traslado dunha copia desa solicitude á Xunta de Compensación, que procedeu a respostala con outro escrito presentado no rexistro desta Administración municipal no 17/09/2007. Nél ratificouse nas súas anteriores alegacións do 07/07/2006 e 18/10/2006 e solicitou a inadmisión da solicitude de nulidade por extemporánea e infundada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- De conformidade co disposto no art. 102.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC) procede inadmitir de plano a solicitude formulada por D. Rodolfo Sánchez Jalda o 30/08/2007 de declaración de nulidade do proxecto de compensación da “UE I-06 Rosalía de Castro 2” aprobado definitivamente o 14 de febreiro de 2005 e dos actos dos que trae causa.

II.- En primeiro lugar, porque na solicitude de revisión nin se cita, nin se xustifica a concorrencia de ningunha das concretas causas de nulidade de pleno dereito establecidas no art. 62.1 LRXA-PAC. Causas de nulidade radical taxadas e excepcionais que non poden ser obxecto de interpretación extensiva.

Así o considerou o Tribunal Supremo (S^a 3^a, Secc. 5^a) na súa Sentenza do 18/12/2007 nun suposto similar (casación 9826/2003, relator: Sr. Fernández Valverde, FD “Sexto”), coa seguinte argumentación:

“(…) ninguna de las causas esgrimidas por la demanda resulta incardinable en el citado artículo 62 de la LRJA-PAC, analizando de forma separada cada una de ellas (nulidad del proceso expropiatorio, falta de

consentimiento de la recurrentes en la instancia, nulidad del convenio por ausencia de justo precio y nulidad del convenio por infracción de normas imperativas relativas a la transacción y a la donación), señalándose que lo procedente hubiera sido la aplicación de lo previsto en el apartado 3º del mismo artículo 102, acordando motivadamente la inadmisión a trámite de la solicitud formulada, como hizo el Ayuntamiento de Jerez.

En el citado precepto y apartado (102.3 de la LRJA-PAC), tras la reforma llevada a cabo por la Ley 4/1999, de 13 de enero, se contempla la posibilidad de que la Administración -a la que se le ha solicitado la revisión de oficio de un acto, que se considera nulo de pleno derecho y que ha puesto fin a la vía administrativa-, pueda acordar, de forma motivada, la inadmisión a trámite de tal solicitud, cuando concurra alguno de los tres siguientes supuestos:

a) Que las solicitudes de nulidad "no se basen en alguna de las causas de nulidad del artículo 62" de la LRJA-PAC.

b) Que las solicitudes "carezcan manifiestamente de fundamento".

c) Que "se hubieran desestimado en cuanto al fondo otras solicitudes sustancialmente iguales".

Como hemos realizado en nuestras SSTs de 19 de diciembre de 2001 (RJ 2002, 932) y 27 de diciembre de 2006 (RJ 2006, 10062) , debemos poner de manifiesto -e insistir- en el carácter restrictivo con el que debemos afrontar la cuestión que nos ocupa, referida a la revisión de oficio de una determinada actuación administrativa, que, de una u otra forma, ha devenido firme en dicha vía. (...) Es, pues, en el expresado marco restrictivo como debe analizarse este control previo -traducido en inadmisión- de la solicitud de revisión de oficio llevado a cabo por el Ayuntamiento de Jerez de la Frontera (...). La Administración está legitimada y habilitada para realizar un primer enjuiciamiento o valoración de la pretensión anulatoria ejercitada, y si la estimara manifiestamente improcedente rechazarla de plano sin iniciar el consiguiente procedimiento que obligaría, entre otros trámites innecesarios, a un pronunciamiento del Consejo de Estado u órgano de la Comunidad Autónoma, de ahí que quepa -tras la expresada reforma de la LRJPA- la inadmisión expresa de la solicitud sin iniciar el procedimiento, sometido a unos requisitos taxativos y rígidos en beneficio del principio de seguridad jurídica, pues de otro modo bastaría en cualquier momento la mera alegación de causa nulidad para obligar a tramitar y decidir cuestiones que jurídicamente murieron tiempo atrás".

No mesmo senso pronunciouse o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa sentenza firme do 24/05/2001 dictada no rec. cont.-ad. 6234/1997, nun caso referido a Vigo.

III.- En segundo lugar, porque dita revisión de oficio infrinxiría o preceptuado no art. 106 LRXA-PAC, no que se dispón que: "As facultades de revisión de oficio non poderán ser exercitadas cando por prescripción de accións, polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis".

D. Rodolfo Sánchez Jalda dispuxo da oportunidade de defende-los seus dereitos e de solicita-la rectificación do proxecto de compensación cando resultaba posible: Ben durante a súa tramitación, ben trala súa aprobación definitiva antes de que adquirise firmeza na vía administrativa e se inscribise no rexistro da propiedade. Pero non o fixo. Non presentou ningunha alegación durante o período de información pública aberto trala aprobación inicial do proxecto de compensación. Tampouco interpuxo recurso na vía administrativa no prazo habilitado para elo (1 mes trala notificación da súa aprobación definitiva). Por outra banda, promoveu un proceso xudicial contencioso-administrativo contra o proxecto de compensación, do que desistiu sen chegar a formula-la demanda.

Tivo tamén a oportunidade de solicitar no Xurado de Expropiación Forzosa un incremento das indemnizacións recoñecidas no proxecto de compensación (como se lle indicou expresamente na notificación da aprobación definitiva do proxecto e fixo o seu veciño D. Rafael Figueroa Ibáñez). E asemade rexeitou exercitar ese dereito.

Con estes antecedentes, a petición de declaración de nulidade do proxecto de compensación transcorridos máis de dous anos trala notificación da súa aprobación definitiva, e máis de dez dende a constitución da xunta de compensación, cando moitas das fincas resultantes foron xa transmitidas onerosamente a terceiros adquirentes de boa fe (art. 34 LH) e cando é xurídicamente imposible aprobar un novo proxecto de compensación nese polígono tralo remate do período transitorio establecido na disp. trans. primeira.1.c) Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA), resulta claramente contraria aos principios de equidade e seguridade xurídica establecidos no citado art. 106 LRXA-PAC como límites da revisión de oficio dos actos administrativos.

Así o considerou o Tribunal Supremo (Sª 3ª, Secc. 5ª) nun caso similar na súa Sentenza do 29/11/2005 (casación 4981/2003), na que manifestou o seguinte:

“Como señalamos en el STS de 23 de octubre de 2000 (RJ 2000, 9001) «la acción de nulidad es improcedente cuando por el tiempo transcurrido su ejercicio resulte contrario a la equidad o al derecho de los particulares», añadiendo que «la seguridad jurídica exige que se mantengan las situaciones que han creado derechos a favor de sujetos determinados, sujetos que confían en la continuidad de las relaciones jurídicas surgidas de actos firmes de la Administración, que no fueron impugnados en tiempo y forma, por lo que había razón para considerarlos definitivos y actuar en consecuencia. Ello no quiere decir que la acción de nulidad no pueda ejercitarse contra los actos firmes de la Administración. Puede promoverse contra actos firmes, pero su ejercicio es improcedente cuando con ello se vulneran las necesidades derivadas de la aplicación del principio de seguridad jurídica, principio que está indisolublemente ligado al respeto a los derechos de los particulares, expresamente mencionado por el artículo 112 de la LPA como límite al ejercicio de la potestad revisora de la Administración establecida en el artículo 109».

A inadmisión da solicitude de declaración de nulidade conleva obviamente as colaterais de expropiación forzosa e incremento de indemnizacións formuladas na mesma.

IV.- É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.k) Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL).

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O

PRIMEIRO: Inadmitir a solicitude presentada por D. Rodolfo Sánchez Jalda o día 30/08/2007 (doc. 70096548) de declaración de nulidade do Acordo da Xunta de Goberno Local do 14/02/2005 de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación da UE I-06-Rosalía de Castro 2, e dos actos dos que trae causa, polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste Acordo (Expte. 4389/401).

SEGUNDO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ao solicitante e á Xunta de Compensación do polígono, coa indicación de que contra él cabe interpór recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(10021).- EXPROPIACIÓN NA RÚA SEVERINO COBAS. PARCELA E-056. ESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN. EXPTE. 156/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do técnico de admón. Xeral, do 16.06.08, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Plan xeral de ourdenacion urbana (aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993), preveía a execución dunha obra de mellora e ensanche na rúa Severino Cobas, entre a rúa "Bagunda" e a zona do "Lagares". O ancho do vial previsto é de 16 metros.

O Concello asinou convenio coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia o 30.02.00, polo que se comprometía o órgano autonómico "ó financiamento, contratación, execución e dirección" de obras de apertura e ampliación de viario nos barrios periféricos de Vigo, entre o que se atopa o ensanche e mellora da rúa Severino Cobas. A Administración local comprometíase a poñer da disposición da CPTOPV os terreos necesarios para a normal realización das obras a executar.

Por acordo de 6 de xuño de 2.003, o Pleno do Concello, adoptou o acordo de aprobación definitiva da declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados polo ensanche e mellora da rúa Severino Cobas, resolvendo expresamente as alegacións presentadas polos interesados. No expediente constaba a parcela E056 a nome de dona Marina Carrera Cameselle con enderezo an rúa Severino Cobas nº 184-Vigo.

A relación de bens describía as parcelas do seguinte xeito:

Parcela E056.- :

143 m2 de solo expropiado.
44 m2 de ocupación temporal.
27 metros lineais de traslado de peche de bloques de formigón (*).
1 ud. de traslado de portalón. (*)
21 metros cuadrados de galpón.
36 m2 de garaxe.
1 ud. de traslado de contador de auga. (*)
1 ud. de traslado de cadro eléctrico. (*)
31 metros lineais de traslado de peche de formigón. (*)

A folla de aprecio da Administración valora a totalidade dos bens en 9.149,41 €. Os bens marcados cun (*) preveíase a súa reposición.

O 24.10.05 dona Marina Carrera Cameselle presenta escrito de oposición á valoración feita pola Administración. Entre os fundamentos utilizados pola suxeito expropiado, está a previsión duns perxuízos derivados da expropiación parcial. En concreto, insta a que se valoren a perda da posibilidade de aproveitamento urbanístico da parcela, perda do valor da vivenda, do garaxe obrigatoria da vivenda, das instalacións básicas e de calidade de vida.

A mesma persoa volve a presentar escrito o 23.11.05 no que en síntese se comunica a existencia dun perigo na seguridade e estabilidade na edificación no caso que se pretenda a expropiación tal e como se prevé na relación de bens do proxecto expropiatorio.

O 5.01.06 a oficina de actuacións viarias presenta informe no que se manifesta o seguinte: "(...) Á vista do resultado das comprobacións realizadas por esta Administración, pódese concluír: En primeiro lugar, o <Proxecto de Urbanización de la Rúa Severino Cobas Parroquia de Lavadores-Vigo", redactado por GOC, distribue a sección tipo de 16 metros para o vial, coa seguinte sección tipo: beirarúas de 2,40 metros a cada un dos lados da calzada, unha banda de aparcamento de 2.40 metros a caa un dos lados da calzada, unha banda de aparcamento de 2.10 metros en cada un dos lados e unha sección de rodadura para o tráfico de vehículos de 7.00 m (3.50 para cada sentido). O propietario, <aconseja que la expropiación de la calle Severino Cobas debe respetar la totalidad de la fachada y muro de contención de la edificación que conforman la unidad de la vivienda>. Como se puede observar na ilustración, manter esas esixencias non é posible, posto que implicaría a desaparición da banda de aparcamento e da beirarúa, na marxe da sección colindante, e incluso nalgunha zona a invasión da zona de rodadura. A non afección desa parte da edificación implicaría graves problemas de seguridade vial, non so para os peóns, senon para os propios vehículos, o suponer un obstáculo ríxido colindante o carril de circulación; por outra banda suporía un risco para a propia construción, ao estar a carón da banda de rodadura, e poder soportar o impacto de vehículos pesados (...) En segundo lugar, non se cumpriría a Lei de accesibilidade : Lei 8/97, de 20 de agosto, de accesibilidade y supresión de barreras en la Comunidad Autónoma de Galicia. Dita lei ten por obxectivos, entre outros, garantir ás persoas con mobilidade reducida ou calquera outra limitación e accesibilidade e utilización do entorno urbano, de edificios, medios de transporte e sistemas de comunicación sensorial. Se atendemos aos parámetros da Lei, atopámonos que fixa con claridade meiridiana as características das urbanizacións, reflexadas no anexo do Capítulo 1, sección 1ª, artigo 6, apartado 6 a) itinerarios peatonales.: "Anchura mínima libre de obstáculos: a anchura mínima libre, de obstáculos en áreas desarrolladas a través de instrumentos de planeamento integral será de 1.80 metros, en en

situacións puntuais poderá ser de 1.50 metros". No noso caso, non só quedaría por debaixo do 1.80 metros, senón que desaparecería o itinerario peatonal. En terceiro lugar, o afectado, conclúe que <el derribo de la fachada y del muro de contención provocará problemas de estabilidad a la estructura del resto de la edificación>. Débese ter en conta que o garaxe adosado ao muro de contención da vivenda a unha cota inferior, é un engadido posterior a construción do edificio, engadido que está evidentemente fóra de ordenación, anexo a unha vivenda antiga reformada. Polo tanto, o seu derribo non deberá afectar á estrutura da vivenda, xa que o muro de contención da vivenda respetarase na súa total integridade; ent todo caso dito problema é un aspecto a considerar na execución do derrubo da garaxe, e a execución do derrubo da garaxe deberá perservar a integridade estrutural da vivenda anexa, que neste momento pódese dicir que non parece ameazada pois consideracións realizadas ata o de agora. En caso contrario deberá facerse unha expropiación complementaria, tal e como ven sendo de aplicación noutros procedementos expropiatorios (...)"

A oficina de actuacións viarias realizou un acta de comprobación sobre o terreo dos bens e dereitos, relacionando os bens do seguinte xeito:

UD	CONCEPTO	CANTIDADE	PREZO/UD	IMPORTE/EUROS
M2	Solo expropiado	143.00	38.00	5.434.00
M2	Solo de ocupación temporal	44.00	1.20	52.80
M1	Traslado de muro de bloques de formigón con chapa de pedra de remate de 2.10 de altura (*)	24.700	0.00	0.00
Ud	Plantas ornamentais	19.00	3.00	57.00
M2	Xardín	4.00	3.00	12.00
M2	Pavimento terrazo	60.00	8.00	480.00
M1	Peche muro de bloques de formigón con remate con chapa de pedra	5.700	22.00	125.40
M1	Peche de bloques con enxexado metálico superior	13.700	30.00	411.00
M1	Garaxe	32.500	84.21	2.736.83
Ud	Traslado cadro eléctrico (*)	1.00	0.00	0.00
Ud	Traslado de caldera, depósito e instalacións anexas	1.00	1.500.00	1.500.00
Ud	Escaleiras con acabado terrazo	2.400	16.00	38.40
M2	Porche de tella curva	5.200	70.00	364.00
			Suma total	11.211.43 €

O 23.01.06 se requeriu dos Servizos centrais da XMU a emisión dun certificado de existencia de crédito.

En data 16.07.07 o Interventor xeral do Concello de Vigo expide a seguinte dilixencia: "(Achégase a presente dilixencia documento contable de retención de crédito –RC nº 200700001735-, por importe de 2.062,02 euros, a efectos de que se inicie a tramitación da modificación do expediente expropiatorio de ensanche e prolongación da rúa Severino Cobas, respecto á parcela E-056 a nome de D^a Marina Carrera Cameselle, de conformidade coa dilixencia realizada pola oficina de Xestión Urbanística dta 23 de xaneiro de 2006; non procedendo realizar informe de fiscalización ata que se formule a correspondente proposta de gasto (...)"

A Xunta de Goberno local en data 27.08.07 deu aprobación a proposta que contiña a seguinte parte dispositiva: "(...) Estimar a solicitude de expropiación da totalidade presentada por (...) Marina Carrera Cameselle –E 056-, como propietaria de parcela incluída no expediente expropiatorio da rúa Severino Cobas –156/413- (...)"

O acordo adoptado incurriu nun erro, no sentido de que a interesada non presentou solicitude de expropiación da totalidade. En efecto, o único que se trataba era da rectificación da relación de bens da parcela E 056, alterando a descrición, xa que logo tamén afecta á valoración.

O 24.12.07 (doc 70146155) dona Marina Carrera Cameselle presentou recurso de reposición ó acordo adoptado. Así mesmo, dado que se lle deu traslado da valoración, presenta oposición expresa.

Así mesmo, o mesmo técnico informa o seguinte con respecto ás alegacións á valoración presentada por dona Marina Carrera Cameselle: "(...) En relación con la valoración contenida en la hoja de aprecio aprobada en la reunión de la Junta de Gobierno Local de 27/08/07, relativa a la parcela E-056, se consideran adecuados los precios unitarios empleados (...)".

FUNDAMENTOS LEGAIS E CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

1.- Rectificación de erros materiais o de feito da descripción das parcelas E-056 do proxecto expropiatorio da rúa Severino Cobas-Viais industriais de Lavadores.- De acordo co previsto no artigo 17 da Lei de 16 de decembro de 1954, a Administración beneficiaria da expropiación está obrigada a formular unha relación concreta e individualizada, na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens e dereitos que se considere necesaria a expropiación. Segundo informe emitido pola oficina de actuacións viarias, de 5.01.06 existe unha diferenza entre o contido do aludido proxecto e o comprobado tra-lo levantamento das actas de comprobación dos bens e dereitos afectados. De acordo co previsto no artigo 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, procede a rectificación de erros materiais ou de feito existentes nos actos. Según a STS 18.01.99 (RJ 1882) o error debe ser subsanado e non ten porqué producirse alteración, condicionamento, modificación ou restricción do acordo en cuestión, nin por tanto necesidade de anular todo o procedemento expropiatorio posterior. Por outra parte, a rectificación tamén alcanzará ó acordo da Xunta de goberno local polo que se estimaba a solicitude de expropiación total, cando en realidade a interesada non solicitou tal extremo.

2.- Improcedencia da exclusión da edificación e construción do obxecto expropiatorio.-A Lei de expropiación forzosa establece que deben expropiarse os bens e dereitos que supoñan un menor sacrificio posible en relación co ben que se pretende (STS 30.05.91, RJ 5105; 9.3.93, RJ 1672; 24.5.93, RJ 3761). Do informe técnico emitido pola oficina de actuacións viarias de data 5.01.06 se desprende a imprescindibilidade dos bens relacionados na acta de comprobación dos mesmos. Entro outros extremos xustifican a procedencia da expropiación en base a determinacións do proxecto de urbanización e, por outra parte, derivado do obrigado cumprimento da Lei de accesibilidade. Polo tanto, neste extremo non procede a estimación e, nen tan sequera a admisión, da reclamación plantexada por dona Marina Carrera Camesella, entendendo que a mesma debería abordarse na anterior fase do procedemento expropiatorio anterior á determinación do xustiprezo. A maior abundamento, o Adxunto ó director dos servizos técnicos informou o 15.04.08 o seguinte: "(...)Fundamentalmente en los escritos presentados nº Doc 70146155 y 70146156, aducen la no coincidencia entre la línea exterior de la ampliación a 16 metros de la calle Severino Cobas en el frente con la parcela propiedad de la solicitante, parcela E 056 de este expediente. Se adjunta como plano nº 1, una ampliación a la escala 1/1000 de la hoja 21-26 del vigente PGOU. En esa ampliación la línea exterior de la ampliación toca la esquina de la vivienda. Como es lógico, el Proyecto de Urbanización y el de Expropiación, definen con mayor precisión esta situación, pormenorizando ese contacto al reducir la escala. De todas formas el plano de dicho Proyecto de Urbanización 020303, aportado como plano nº 2 también ampliado, precisa de que forma el cuerpo principal de la vivienda, queda excluido de toda afección. Este Proyecto define los muros de contención precisos para garantizar la estabilidad en unos casos de la ampliación de la vía, y en otros de las fincas colindantes y/o las dos cosas al tiempo. En el caso de la finca E-056 ese muro que se construirá garantiza la estabilidad de la vivienda. Su acceso lo será desde la nueva acera a construir, luego en ningún caso quedará como se afirma, <colgada al borde> sino que el contacto con esa acera facilita un acceso directo desde la zona urbanizada conforme el PGOU, al cuerpo principal de la vivienda (...)".

3.- Rexeitamento da valoración presentada por dona Marina Carrera Cameselle o 24.12.07 (doc 70146156).- Tendo en conta os informes técnicos reproducidos nos antecedentes, rexéitase a folia de valoración presentada pola expropiada. O informe técnico que se achega coa alegación chega a unha conclusión de valoración da superficie de expropiación de 220 €/m². Pese a que no corpo da alegación menciona que a mesma é realizada conforme a Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións, non existe xustificación nin utilización de

ningún método de valoración, todo elo de acordo co establecido no artigo 28 da Lei 6/98, de 13 de réxime do solo e valoracións. No mesmo sentido, non existe xustificación da proposta de valoración presentada pola expropiada con respecto á pretendida indemnización por perxuízos na expropiación parcial. Os informes técnicos recabados, descartan a existencia de perxuízos pola expropiación parcial.

4.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o disposto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde á Xunta de goberno local a adopción do presente acordo:

Primeiro: Estimar o recurso de reposición interposto por dona Marina Carrera Cameselle presentado o 24.12.07 (doc 70146155) contra o acordo da Xunta de goberno local 27.12.07, dado que non procede a expropiación da totalidade.

Segundo: Rexeitar a valoración presentada por dona Marina Carrera Cameselle o 24.12.07. De acordo co previsto no artigo 30.2, comunicar á expropiada que poderá facer cantas alegacións que estime pertinentes, empregando os métodos valorativos que xulgue máis apropiados para a xustificar a súa valoración. Se voltara a mostrar a súa disconformidade, procederá a remisión do expediente ó Xurado de expropiación de Galicia.

Terceiro: Inadmitir a reclamación presentada no respecto a solicitude de mantemento de parte da construción que é obxecto de expropiación.

Cuarto: Notificar a presente resolución ós interesados, coa indicación de que contra a parte do acordo polo que se resolve o recurso de reposición, unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1003).- ESTATUTOS DA ENTIDADE URBANÍSTICA COLABORADORA DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4704/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do técnico de admón. Xeral, do 12.06.08, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

O Plan Parcial do PTL foi aprobado definitivamente en acordo Plenario do 26/03/2001 (expte: 4959/411). Nas datas respectivas de 29.09.2003, 28.06.2004 e 30.01.2006 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente as modificacións puntuais n.ºs. 1, 2 e 3 do Plan Parcial

O Proxecto de Urbanización correspondente a dito Plan Parcial aprobouse definitivamente por acordo do Consello da Xerencia Municipal mde Urbanismo do 21.06.2001, clarexado por acordo posterior do 30.08.2001 (expte: 428/401)

Con data 16.05.2002 o Consello da Xerencia de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de parcelación do PTL (expte: 4292/401)

Na acta de recepción e entrega das obras de urbanización do plan Parcial do PTL suscrita o 26.05.2005 polo Concello de Vigo e o CZFV, preveuse a formalización dun convenio para a conservación desa urbanización mediante unha “entidade urbanística de conservación ”

A Xunta de Goberno Local de 21.01.08 adoptou o seguinte acordo: “(...) Aprobar inicialmente o Convenio suscrito con data 11 de maio de 2007 entre o Concello de Vigo, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e a Xunta Xestora da Entidade Urbanística para a Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo cuio texto que figura como ANEXO (...)”. O mesmo foi aprobado definitivamente por acordo da Xunta de goberno local de

data 12.05.08 no seguinte sentido: “(...) Aprobar definitivamente o Convenio suscrito con data 11 de maio de 2007 entre o Concello de Vigo, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e a Xunta Xestora da Entidade Urbanística para a Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo que foi aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local de 21 de xaneiro de 2008 (...)”.

En data 7.04.08 a Xunta de goberno local acordou o seguinte: “(...) Aprobar inicialmente os estatutos da Entidade de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo. Proceder á apertura dun trámite de información pública por un prazo de vinte días, con publicación de anuncio no BOP de Pontevedra e notificación individualizada ós propietarios e demais interesados que consten no expediente (...)”.

Por certificación do Secretario da XMU de data 6.06.08 se constata a non presentación de alegacións.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

1.- Necesidade de constitución dunha entidade urbanística de conservación e natureza da mesma.- De acordo co previsto no artigo 110.6 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, permite ó planeamento prever que a conservación da urbanización sexa a cargo dos propietarios dos soares resultantes. Tal previsión xa viña contida no artigo 68 do RD 3.288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística. A obriga de conservación ven así mesmo derivada da aplicación do artigo 3.2.5.b in fine da normativa urbanística do vixente plan xeral de ordenación municipal. Por acordo de 7.04.08 se deu aprobación definitiva o convenio de xestión urbanística (expte 4748/401) para a conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valladares, no que no súa cláusula segunda se amplía o obxecto de conservación con carácter voluntario. Por todo elo, a entidade de conservación ten natureza mixta derivada do cumprimento do disposto no planeamento xeral e as obrigas a asumir tra-la sinatura do convenio urbanístico de xestión.

2.- Obriga dos propietarios de formar parte da entidade de conservación .-Tanto a normativa de aplicación (RD 3288/78, de 25 de agosto -arts. 24-30 e 67-70-), como a propia Xurisprudencia, considera que para a constitución dunha entidade de conservación non é obrigatorio o quorum que se esixe nas xuntas de compensación e a súa constitución é obrigatoria non sendo necesario a conformidade de todos os obrigados a formar parte da mesma (STS 26 de outubro de 1998, RJ 1998,7688). Os propietarios non poden sustraerse da participación da entidade de conservación, obriga que ven derivada da aplicación do plan xeral de ordenación municipal vixente no artigo 3.2.5.b da normativa urbanística. Non obstante, a constitución e as obrigas asumidas teñen un compoñente voluntario por parte dos propietarios resultantes da xestión do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo derivadas da subscripción e formalización do convenio urbanístico de xestión a asinar entre o CZFV e o Concello de Vigo (expte. 4748/401).

3.- Procedemento de aprobación dos estatutos da Entidade de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo.- O procedemento de aprobación dos estatutos da Entidade de conservación ven aludido nos artigos 110 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural e nos artigos 24 e seguintes do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística. Non existe un procedemento específico para a aprobación dos estatutos dunha entidade de conservación cando asume obrigas derivadas da aplicación do disposto no planeamento e da formalización dun convenio. Non obstante, por analogía, podería utilizarse o procedemento remitido ó ar 117 segundo o previsto no punto 7º do artigo 110 da Lei 9/02, de 30 de decembro. Procedeuse á aprobación inicial e á apertura dun trámite de información ó público por un prazo de vinte días a través da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e notificación individualizada ós interesados, sen que conste a presentación de alegacións. Unha vez aprobado definitivamente se requerirá ós promotores para que formalicen en escritura pública a entidade urbanística colaboradora. Acto seguido procederase á aprobación da constitución da entidade de conservación por parte da Administración urbanística.

4.- Contido do proxecto de estatutos da Entidade de conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo.- Os estatutos propostos para rexer o funcionamento da Entidade de conservación axústase ó regulado na Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural e o real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística. Non obstante, precísase a rectificación do artigo 16 no sentido de excluir do deber de conservación en calquier suposto á parcela número 16 dado que carece de aproveitamento lucrativo.

Unicamente contribuiría á conservación naquel caso que se acordara a desafectación ó servizo público coa conseguinte atribución de aproveitamento.

5.- Órgano competente para adopción do presente acordo.- Tendo en conta o disposto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a aprobación do presente asunto corresponde á Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, fórmulase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Aprobar definitivamente os estatutos da Entidade de Conservación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, coas modificacións previstas no punto 4º do presente informe-proposta.

Requerir ós propietarios para que no prazo dun mes procedan a formalización en escritura pública a constitución da entidade de conservación. Acto seguido se presentará ante esta Administración para a súa aprobación e posterior remisión ó Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.

Comunicar o presente acordo ós interesados, informando que contra o mesmo poderá interpoñerse con carácter potestativo, recurso de reposición ante esta mesma Administración no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1004).- AXUDA PARA A REHABILITACIÓN DA VIVENDA SITA NA RÚA MARTÍN ALONSO PINZÓN, 10. EXPTE. 372/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 6.06.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmovible localizado en PRAZA DE MARTIN ALONSO PINZON (RUA) 010, a María de las Mercedes Cuadrado Álvarez con NIF 36114965-C das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2ª Fase) anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante María de las Mercedes Cuadrado Álvarez, a axuda de 12000 euros que será financiada polo Ministerio de Vivenda na cantidade de 7000 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 5000 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

25(1005).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE CONSTRUCCIONES PARAXE S.L. POLA OCUPACIÓN DUN VALADO DE OBRA NA RÚA URZÁIZ, 25. EXPTE. 55643/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 10.06.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 12 de maio de 2008, autorizouse a CONSTRUCCIONES PARAXE, S.L. a ocupación da vía pública cun valado de obra de protección de tixeira con número de expediente 55562/250, cunha ocupación de 10 m² na r/ Urzaiz, 25, para rehabilitación de edificio con licenza 54647/421, constituindo unha fianza de 3.000 € (tres mil euros), con número de operación 200800023235 de data 12-05-2008.

Solicitada a devolución da fianza con data 16/05/2008 e número de documento 80061829, unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección feita con data 22 de maio de 2008, indícase que o valado foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPÓN:

Proceder á devolución da fianza de 3.000 € (tres mil euros), a favor de CONSTRUCCIONES PARAXE, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1006).- PROPOSTA DE ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC VIGO UTE DA EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE OBRA: EXPTE. 730/443, 734/443, 101258/140, 101257/140; E CONVENIOS DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO DE AUGA CO CONCELLO DE REDONDELA. EXPTE. 101239/140 E 101240/140.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 16.06.08, conformaco pola concelleira-delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

En data 25 de abril de 2008 a Concelleira-delegada da Area de Servizos Xerais solicita desta xefatura a tramitación do oportuno expediente administrativo para o encargo á entidade concesionaria do Servizo de Abastecemento e Saneamento das obras que o marxe se citan así como dos convenios a suscribir co Concello de Redondela para a regulación dos dereitos e obrigas inherentes á prestación do servizo de auga potable e saneamento a devandita adminsitración municipal:

<i>PROXECTO</i>	<i>ORZAMENTO DE CONTRATA</i>
<i>– Sectorización da Rede de Abastecemento de Vigo, Modelización en detalle da rede de distribución e verificación da factibilidade da sectorización.(Expte. 734/443)</i>	<i>194,697,23€</i>
<i>– Renovación rede Saneamento e Pluviais rúa Vázquez Varela (Expte. 730/443)</i>	<i>79,036,11€</i>
<i>– Selado de xuntas no colector de Marxe de Ría (Expte. 101257/140)</i>	<i>28,000,00€</i>

- Obras de Saneamento e Abastecemento da Estrada N-555
(Tramo Carballal-San Esteban de Negros) (Expte. 101258/140) 157,708,62€
- Convenio de Colaboración co Concello de Redondela para Abastecemento de auga zona da estrada N-555
(límite término municipal Redondela-Vigo)
- Convenio de colaboración co Concello de Redondela para depuración de augas residuais na EDAR de Teis.

En cumprimento do mandato recibido o funcionario que suscribe emite el siguiente INFORME:

I. ANTECEDENTES.-

Primeiro: O Pleno desta Corporación Municipal, en sesión de data 31/3/2003, acordou encomendar á entidade concesionaria do servizo a execución do proxecto "Subministración de auga ó Concello de Vigo, Conexión ó Casal-Valladares, e Peche Perimetral", previa aprobación técnica, cun orzamento de contrata de 7.049.844,65€ (IVE excluído)

A cobertura financeira do mencionado compromiso estableceuse con cargo ós fondos dispoñibles da entidade concesionaria, a partir de 1 de xaneiro de 2005, como consecuencia da cancelación definitiva do préstamo subscrito pola extinta Empresa Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga de Vigo, S.A. (EMAVISA), no que subrogou a concesionaria do servizo, e que implicaba un recargo na tarifa ós usuarios do abastecemento de 0,1305€/m³.

O valor actual neto, de acordo coa prognoses de demanda do abastecemento entre o 1 de xaneiro de 2005 e a data de termino da concesión (31/12/2015) supoñía que a percepción da dita contía por m³ sen expresa afectación á amortización das obrigas financeiras subscritas por EMAVISA permitían dispor dun montante para investimento de 15.257.383,31€.

Segundo: A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20 de setembro de 2004 acordou subscribir coa concesionaria un convenio para a execución de actuacións polo importe de 3,556,835,13€ (orzamento de contrata IVE excluído), con arranxo as mesmas fontes de financiamento que se citan no apartado precedente.

Terceiro: Malia o anterior, e con independencia dos referidos acordos leváronse a efecto os seguintes investimentos:

- Proxecto de mellora do abastecemento na parroquia de Beade dende a conducción da subministración do Parque Tecnolóxico encomendado a AQUALIA-FCC VIGO UTE en virtude do acordo plenario de data 31/3/2003 769.004,64€
- Dirección de obra e control de calidade dos proxectos mencionados anteriormente adxudicados a CIISA (Consulting e Ingeniería Internacional, S.A.) segundo o acordo da Comisión de Goberno en sesión de 5/5/2003. 215.350,15€
- Proxecto modificado (adicional líquido) do adxudicado en virtude do acordo plenario de data 31/3/2003 1.165.083,74€
- Honorarios de redacción do proxecto e dirección de obra do proxecto modificado da rede perimetral (Xunta de Goberno Local 2/8/2004) 53.544,00€
- Liquidación do proxecto de abastecemento de auga a Beade (Xunta de Goberno Local 28/8/2004) 57.436,15€

Cuarto: Pola súa banda a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 14 de decembro de 2005 acordou ordenar a entidade concesionaria do servizo a execución dun grupo de proxectos, por importe de 2,384,199,33€.

O conxunto de todas estas actuacións inversoras, cuxa recuperación estase levando a efecto mediante traslación á taxa por prestación do servizo, supón un importe de 15,251,297,79€, segundo o listado que se inclúe en anexo o presente informe.

II. SOBRE A OPORTUNIDADE DE ACOMETER AS ACTUACIONES PROPOSTAS E A SUA XUSTIFICACION TECNICA

- a) *Sectorización da Rede de Abastecemento de Vigo, Modelización en detalle da rede da distribución e verificación da factibilidade da sectorización.- No informe emitido polo enxeñeiro técnico, adscrito a oficina de Proxectos Inspección Técnica de obras, con data 26 de maio de 2008, se resumen os criterios técnicos utilizados para a redacción do proxecto, se efectúa unha descripción xeral dos ámbitos territoriais ós que se estende a actuación, válídanse os prezos e criterios recollidos nos orzamentos das obras e, en consecuencia, o prezo de contrata resultante (IVE excluído) segundo contía de 194,697,23€, cunha referencia explícita o cumprimento dos requisitos esixidos pola Ley 30/2007, de contratos do Sector Público.*
- b) *Renovación Saneamento e Pluviais rúa Vázquez Varela.- O informe emitido polo enxeñeiro técnico, adscrito a oficina de Proxectos Inspección Técnica de obras, o día 8 de maio de 2008, ampara a procedencia do orzamento de contrata ofertado, por importe de 79,036,11€ (IVE excluído) e realiza unha descripción xeral das obras que consisten, en síntese, na instalación de 63ml. dun colector de pluviais mediante a colocación dunha tubería de pvc de 800mm., con disposición de cinco pozos de rexistro sendo necesaria para a súa execución a demolición do pavimento actual e a súa conseguinte reposición.*
- c) *Selado de xuntas no colector de marxe de Ría.- Trátase dunha actuación consistente na reparación e selado das xuntas do colector de marxe de Ría, situado dentro do recinto portuario do Berbés que se considera de urxente execución en orden á supresión de potenciais verquidos non controlados á Ría.*

Apórtase ó expediente un orzamento subscrito pola entidade CONSAMAR, S.L. por importe de 28,000,00€ (IVE excluído), que a entidade concesionaria do servizo estima axustado a prezos de mercado. E de advertir que por tratarse de obras que deben realizarse con equipos especiais non se dispón de outros orzamentos comparativos ó descoñecerse outra entidade que poida acometer os traballos coas devidas garantías.

- d) *Obras de Abastecemento e Saneamento da estrada N-555 (Tramo Carballal-San Estaban de Negros).- O obxectivo do proxecto o constitúe a prolongación das redes de abastecemento e saneamento dentro do término municipal de Vigo, a fin de que unha vez postas en servizo poidan beneficiar ás áreas poboacionais directamente afectadas e, asemade, permitan enlazar coa rede que executa o Concello de Redondela no tramo da carretera nacional N-555 (tramo Peinador-Villar) o tempo que satisface as demandas dos asentamentos urbanísticos e polígonos industriais deste último Concello.*

O Orzamento das obras ascenda a 157,708,62€ (IVE excluído) figurando validados no mencionado informe técnico, os prezos unitarios e os de contrata previstos no orzamento do proxecto, adaptándose o contido do expediente á normativa técnica de aplicación esixible pola Ley 30/2007 de Contratos do Sector Público.

- e) *Convenio de colaboración co Concello de Redondela para abastecemento de auga ó polígono industrial "Chan das Pipas".- O convenio que se somete a aprobación circunscríbese exclusivamente a obriga que incumbe o Concello de Redondela en canto ó abono do volume de auga suministrado, que deberá ser transferido a favor da entidade concesionaria do servizo, AQUALIA FCC VIGO UTE, con periodicidade mensual, a razón de 0,1462€/m3. de auga potable suministrada.*

Pola súa banda o Concello de Vigo comprométese a garantir un caudal de suministro de 2,75l/s que poderán ser ampliados no futuro ata un máximo de 20l/s trala materialización do proxecto que conduce o auga directamente dende o depósito de Cotogrande.

- f) *Convenio de Colaboración co Concello de Redondela para depuración de augas residuais na EDAR de Teis.- A finalidade do proxecto se resume no establecemento das obrigas das partes intervinientes (Concello de Vio y Redondela) e os dereitos que incumben ós firmantes en canto a distribución dos gastos correspondientes á explotación, conservación e mantemento da EDAR de Teis que actualmente é financiada íntegramente con cargo ás taxas liquidadas ós usuarios do servizo público de Vigo e que, no sucesivo, someteranse a un reparto proporcional en función do volume de auga tratado por cada unha das administracións beneficiadas.*

En virtude do devandito convenio, cuxa eficacia e entrada en vigor se supedita á aprobación por parte dos órganos municipais competentes, o Concello de Redondela comprométese a transferir a favor da entidade concesionaria do servizo (SERAGUA FCC VIGO UTE) a cantidade de 0,1429€/m3. das augas residuais tratadas na devandita instalación.

III. CONSIDERACIÓNS EN RELACIÓN CON O PREGO DE CLÁUSULAS ECÓNOMICO-ADMINISTRATIVAS, QUE REXEU O CONCURSO PARA O OUTORGAMENTO DA CONCESIÓN

Examinados, na súa integridade, o contido do contrato de xestión integral do “servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, suscrito con data 8 de xaneiro de 1991, así como o Prego de Condicións Económico-Administrativas que rexeu o concurso para a concesión da referida xestión integral, aprobado polo Pleno do Concello na sesión que tivo lugar o 5 de xullo de 1990, hai que significar o seguinte:

Obxecto do contrato:

- Segundo o teor literal da CLÁUSULA PRIMEIRA do CONTRATO reseñado “Es objeto de este contrato la prestación, en régimen de concesión administrativa, de la gestión integral del “servizo Municipal de Abastecimiento de Agua y Saneamiento de Vigo”, así como la aportación de las inversiones para la construcción de las instalaciones que sean necesarias, en los términos y condiciones previstos al efecto en el Pliego de Condiciones de la licitación...”.*
- Pola súa banda, o PREGO ó que se remite o contrato reseñado, e que por tanto forma parte integrante do mesmo, refire tamén literalmente na súa CONDICIÓN PRIMEIRA, con respecto o obxecto de contratación “1. Es objeto del presente contrato, que el Excmo. Ayuntamiento de Vigo convoca mediante concurso público, la adjudicación integral del servizo Municipal de Abastecimiento de Auga y Saneamiento de Vigo, así como la aportación de las inversiones para la construcción de las instalaciones que fueran necesarias y que de modo orientativo, se reflejan en el Plan de Inversiones... en la modalidad definida en el apartado a) del punto 2 del artículo 114 del Reglamento de servizos de las Corporaciones Locales de 17 de junio de 1.955 (“La construcción de una obra o instalación y la subsiguiente gestión del servizo a que estuvieren afectadas),... de acuerdo con las determinaciones del presente Pliego”.*

Así pois, da propia literalidade de ambos documentos, Lei entre as partes, infírese xa inicialmente que:

- É a xestión integral do servizo o que se encomenda á concesionaria, cualificativo que se resalta por canto que define un alcance totalitario con respecto do que poida relacionarse coa explotación do dito servizo, coas especificacións e, segundo os procedementos, que en adiante se detallarán.*
- A remisión normativa que se contén na primeira das condicións do prego, e pola que se concreta unha específica modalidade de concesión –artigo 114.2.a) do Regulamento de servizos das Corporacións Locais- implica igualmente a inclusión na xestión concedida da construción de determinadas obras e instalacións.*

A ampliación da infraestrutura:

- a) *A CONDICIÓN 23ª do PREGO DE CONDICIÓNNS refire que “Las obras de ampliación, renovación y/o mejora de la infraestructura del servizo de Abastecimiento de Agua y Saneamiento a la Ciudad de Vigo serán por cuenta del concesionario, quien las realizará de la forma y con los medios que considere oportunos en cada momento, en función de los Programas de Inversión aprobados de común acuerdo entre el Ayuntamiento y el Concesionario, en cada momento”.*

- b) Pola súa banda, a CONDICIÓ 24ª impón que “Para la ejecución de las obras, el Concesionario deberá redactar el correspondiente Programa de Inversiones, donde se reflejarán las obras a realizar, así como la repercusión que sobre el coste unitario vigente, en ese momento, supongan la ejecución de dichas obras.

Dicho Programa de Inversiones, una vez aprobado por el Órgano Competente de la Corporación, le será comunicado al Concesionario para que proceda a su realización”.

- c) E unha nova mención ás renombradas obras de ampliación da infraestrutura encontrámola na CONDICIÓ 71ª.2, onde se recolle que “El Concesionario, para la ejecución tanto de las obras definidas en el Plan de inversiones, como las señaladas en la condición 23ª del presente Pliego de Condiciones,...”

Visto o contido de tales preceptos contractuais, novamente a literalidade, pero esta vez de forma máis específica, pon de manifesto que a execución, pola Concesionaria, das Obras de ampliación, renovación e/ou mellora da Infraestructura do servizo, aínda que non determinada, está prevista polo Prego de Condicións, sendo a posibilidade da súa encomenda a dita adxudicataria unha Potestade do Concello.

Repercusión dos custos de ditas obras:

Lembremos que a CONDICIÓ 24ª impón que “Para la ejecución de las obras, el Concesionario deberá redactar el correspondiente Programa de Inversiones, donde se reflejarán las obras a realizar, así como la repercusión que sobre el coste unitario vigente, en ese momento, supongan la ejecución de dichas obras”.

O prego de condicións non establece o contido do plan de investimentos e a súa tramitación si ben establece que é competente para a súa aprobación o Pleno da Corporación, polo que debe entenderse que o referido plan de investimentos pode recoller un proxecto ou actuación illada (caso que nos ocupa), un conxunto de investimentos anuais ou unha proposta de actuación ó longo de varios exercicios.

Visto o exposto, cabe afirmar a posibilidade de encomendar directamente á Concesionaria do servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo, a execución das obras de ampliación, renovación e/ou mellora de infraestrutura do dito servizo.

IV. CONSECUENCIAS QUE SE DERIVAN DA ENTRADA EN VIGOR DA LEI 31/2007, DE 30 DE OUTUBRO

O obxectivo da Lei 31/2007, e das Directivas comunitarias que traspón, é someter a licitación pública os contratos que realicen con terceiros aquelas empresas que, aínda sendo privadas, gocen dunha posición especial en virtude de dereitos exclusivos outorgados por unha autoridade competente mediante disposición legal, regulamentaria ou administrativa que teña como efecto a reserva do exercicio dalgunha das actividades enumeradas no seu artigo 7.

Non parece pois ofrecer dúbida que as entidades privadas que gocen de dereitos especiais (caso das concesións administrativas) e presten servizo nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais figuran especificamente dentro do ámbito de aplicación de dita Lei.

Malia o anterior, os efectos de tomar unha decisión sobre a aplicabilidade da citada normativa ao caso que nos ocupa, deberá terse en conta a estipulación contida no seu artigo 16, que establece un umbral de 5,278,000€ (IVE excluído) no suposto de contrato de obras, cifra ésta que non supera ningún dos proxectos adxudicados no presente informe, ni tan sequera aínda que foran considerados no seu conxunto.

En consonancia co exposto no apartado precedente, a criterio do informante, a entidade concesionaria do servizo non debe suxeitarse a ningún procedemento reglado en canto á publicación e concurrencia das licitacións, se ben debería vixilarse, en aras do interés público, que os prezos de contrata resultantes dos distintos proxectos se axusten ós vixentes no mercado.

V. CON RESPECTO O FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS

A inversión total comprometida na presente proposta, que ascende a cantidade de 459,441,96€ (IVE excluído) pode ser executada directamente pola entidade concesionaria, que recuperará os desembolsos correspondientes mediante a súa inclusión na taxa pola prestación dos servizos, de tal sorte que se logre a amortización das cantidades comprometidas no transcurso do período concesional.

VI. CONCLUSION

En razón ó que antecede, a criterio desta xefatura non existe inconveniente legal algún nin impedimento financeiro para encomendar á entidade concesionaria a execución das obras a que se refire o presente expediente, toda vez que están informados técnicamente os correspondientes proxectos ou memorias valoradas, garantízase o cumprimento das esixencias contidas na Ley 30/2207 e, por outra banda, se acredita debidamente a recuperación dos investimentos comprometidos no transcurso do período concesional, polo que procede formular ante o órgano competente a seguinte

PROPOSTA:

1. Encomendar á entidade concesionaria do servizo, AQUALIA FCC VIGO UTE a execución dos proxectos de obra que o marxe se explicitan, con arranxo ós orzamentos de contrata (IVE excluído) que en cada caso se citan, nos prazos de execución que se incluírán no respectivo plan de obras, sobre o que deberá recaer acordo da Xunta de Goberno Local, con estrita suxección ás especificacións técnicas recollidas nos respectivos proxectos ou memorias valoradas das obras:

PROXECTO

ORZAMENTO DE CONTRATA

- | | |
|---|-------------|
| – Sectorización da Rede de Abastecemento de Vigo, Modelización en detalle da rede de distribución e verificación da factibilidade da sectorización.(Expte. 734/443) | 194,697,23€ |
| – Renovación rede Saneamento e Pluviais rúa Vázquez Varela (Expte. 730/443) | 79,036,11€ |
| – Selado de xuntas no colector de Marxe de Ría (Expte. 101257/140) | 28,000,00€ |
| – Obras de Saneamento e Abastecemento da Estrada N-555 (Tramo Carballal-San Esteban de Negros) (Expte. 101258/140) | 157,708,62€ |
2. Prestar aprobación ós Convenios de colaboración, en materia de Abastecemento y Saneamento de auga, a suscribir co Concello de Redondela, dacordo cos textos que se incorporan con anexo ó presente informe. (Expte. 101239/140 e 101240-140)
 3. Recoñecer á entidade concesionaria do servizo o dereito á recuperación das inversións comprometidas e a súa financiación nos mesmo termos que os establecidos no modelo de recuperación que rexe para a amortización de outras actuacións en materia de infraestrutura de abastecemento e saneamento.
 4. A repercusión na taxa ós usuarios do servizo, ós efectos de conseguir a recuperación de inversións a que se refire o punto precedente, levarase a efectos a partir da aprobación da Ordenanza Fiscal Reguladora que rexerá a partir do 1 de xaneiro de 2009.
 5. Por en coñecemento da entidade concesionaria a obriga de presentar, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo máximo de dez días, contados a partir do de notificación do acordo, un plan de traballo no que se especifique a duración das obras, as medidas adoptadas para o seu seguimento, dirección e control, que incluírán os proxectos arqueolóxicos, no seu caso, os estudos de seguridade e saúde laboral e, tódolos requisitos técnicos esixibles na vixente lexislación que lle sexa de aplicación.

6. *A entidade concesionaria comprométese a dar conta a Xunta de Goberno Local da data de recepción das obras, para a súa verificación pola oficina Técnica de Supervisión de Proxectos e a súa conseguinte adscrición o servizo público.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

A) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE VIGO E REDONDELA PARA O ABASTECIMENTO DE AUGA O POLIGONO INDUSTRIAL “CHAN DAS PIPAS”

En Vigo, 16 de Maio de 2008

REUNIDOS:

O Excelentísimo Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Vigo, D. Abel Caballero Alvarez, no seu nome e representación, con facultades bastantes para celebrar o presente acto en virtude do seu cargo, de acordo co que dispón o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.

O Ilmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Redondela, D. Xaime Rei Barreiro, tamén no seu nome e representación baseándose nas facultades que lle confire o artigo 21.1.b) da devandita Lei.

Os intervinientes, na calidade que comparecen, recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para establecer os termos do presente convenio e propoñer a súa aprobación ós respectivos Órganos municipais competentes, e de común acordo

EXPOÑEN:

I.- Que de conformidade co previsto no artigo 5.2 da Lei 5/1997, de 21 de xullo, de administración local de Galicia, en consonancia aos criterios de reciprocidade nas súas relacións, rexeranse polos principios de colaboración, cooperación, auxilio e respecto aos respectivos ámbitos de competencia.

- Que en concordancia co previsto no artigo 195 da devandita Lei a colaboración e cooperación poderá realizarse mediante a subscrición de convenios ao efecto.*

II.- Que ambos os dous Concellos teñen a necesidade de subscribir o presente Convenio de Colaboración para resolver os problemas derivados da situación que se expón a continuación:

- Polo Ministerio de Fomento vaise executar a obra de “Mellora do Trazado, Ampliación da Plataforma e Reordenación de Accesos, Estrada N-555, Tramo Carballedal-Negros”.*
- Existen unha serie de vivendas e industrias en Vigo e mais en Redondela que non dispoñen de rede pública de abastecemento de auga.*
- O Concello de Redondela presentou ante o Concello de Vigo, e por requirimento deste último, o proxecto de abastecemento de auga ao Poligono Industrial de Chan das Pipas, mais unha solicitude de concesión de 20 l/s para o abastecemento de auga a esta zona de Redondela.*
- Tendo en conta que se vai executar o proxecto de Mellora do Trazado e Ampliación da Estrada N-555, o Concello de Redondela preparou unha “separata” do mencionado proxecto, cos tramos de rede que se deberían instalar no trazado da estrada que vai ser reformada, coa finalidade fundamental de non deixar sen servizo de abastecemento de auga á zona limítrofe entre ambos os dous Concellos.*

- O custo da execución das devanditas obras é de 405.259 €, correspondendo 222.317 € aos tramos de rede a construír no Concello de Redondela, e 182.942 € a os tramos de rede a construír no Concello de Vigo.
- Para fixar as condicións de equidade nas que se desenvolverá o servizo que prestará o Concello de Vigo ao Concello de Redondela, ambas as dúas partes subscriben o presente convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira: Obxecto.-

O obxecto do presente convenio é establecer os termos de colaboración entre o Concello de Vigo e o Concello de Redondela, para a xestión da nova infraestrutura de abastecemento, trala súa entrada en servizo.

Segunda: Duración.-

A vixencia deste convenio será indefinida, sempre e cando o Concello de Vigo dispoña da concesión de caudal necesaria para prestación do servizo, obxecto do convenio.

Terceira: Natureza e contido.-

As relacións establecidas entre ambos os dous Concellos contan con natureza administrativa, resultando excluídas do ámbito de aplicación da Ley 30/2007, de Contratos de Sector Público en virtude do previsto no seu artigo 4.1.c).

Cuarta: Tarifa Compensatoria.-

O Concello de Redondela comprométese a abonar á entidade concesionaria do servizo no Concello de Vigo (AQUALIA-FCC-VIGO UTE), en concepto de compensación dos gastos ocasionados pola xestión, a cantidade de 0,1462€/m³. de auga potable suministrada, previa presentación de factura por parte da devandita empresa concesionaria, que se xirará con periodicidade mensual.

Quinta: Obrigas do Concello de Redondela.-

O Concello de Redondela obrígase:

- A pagar o importe anteriormente exposto correspondente á obra a executar: 222.317 €.
- A aboar a entidade AQUALIA-FCC-VIGO UTE os importes que correspondan en función dos metros cúbicos consumidos de auga potable.

Sexta: Conexión de caudais.-

As partes acordan que mentres non sexa executada a conexión ao Depósito de Cotogrande, segundo se especifica no Proxecto de Abastecemento a Villar de Infesta, só poderanse conexiónar demandas de caudal por un valor total inferior a 2,75 l/s.

Séptima: Obrigas do Concello de Vigo.-

O Concello de Vigo obrígase:

- A subministrar, unha vez conclúan as obras descritas neste convenio, un caudal de ata 2,75 l/s, e recoller e tratar as augas residuais provenientes das redes que se van executar segundo se especifica neste convenio.

- A instalar dos medidores nos límites de termo municipal de Vigo, para determinar os caudais a facturar ao Concello de Redondela, cuxo custo será sufragado polo dito Concello.
- O Concello de Vigo comprométese a financiar a execución das redes anteriormente descritas, dentro do seu termo municipal, por un importe de ata 182.942 €.
- A subministrar, unha vez executadas as obras especificadas no Proxecto de Abastecemento de auga ó Polígono Industrial de Chan das Pipas, dende o depósito de Cotogrande un caudal total de ata 20l/s.

Oitava: Dereitos das partes.-

Cada Concello contará cos dereitos que corresponden ás recíprocas obrigas que asuma o outro.

En todo caso o Concello de Vigo terá dereito a resolver unilateralmente este convenio se se producise a falta de pagamento de seis mensualidades por parte do Concello de Redondela.

Novena: Comisión de seguemento de convenio.-

Para o debido control do cumprimento deste convenio e para a solución pacífica das controversias que se deriven da súa execución, crearase unha Comisión que estará integrada por dous representantes de cada unha das partes, sendo un deles un técnico.

Décima: Vixencia.-

A entrada en vigor do presente convenio quedará supeditada á súa aprobación polos Órganos competentes dos Concellos de Vigo e de Redondela.

Undécima: Foro aplicable.-

Para a interpretación e a resolución de calquera controversia que puidese xurdir en relación coa aplicación do presente convenio, resultarán competentes, de conformidade co establecido nos artigos 7 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 de xullo de xurisdición contenciosa-administrativa, os Xulgados ou Tribunais de Vigo.

En proba de conformidade con canto antecede, os comparecentes asinan o presente instrumento, xunto coa documentación que se achega, en duplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data indicadas no encabezamento.

B) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE VIGO E REDONDELA DEPURACION AUGAS RESIDUAIS NA EDAR DE TEIS

En Vigo, de 2007

REUNIDOS

O Excelentísimo Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Vigo, D. Abel Caballero Alvarez, no seu nome e representación, con facultades bastantes para celebrar o presente acto en virtude do seu cargo, de acordo co que dispón o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.

O Ilmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Redondela, D. Xaime Rei Barreiro, tamén no seu nome e representación baseándose nas facultades que lle confire o artigo 21.1.b) de dita Lei.

Os intervinientes, na calidade que comparecen, recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para establecer os termos do presente convenio e propoñer a súa aprobación aos respectivos Órganos municipais competentes, e de común acordo

EXPOÑEN

- *Que de conformidade co previsto no artigo 5.2 da Lei 5/1997, de 21 de xullo, de administración local de Galicia, as entidades locais conforme aos criterios de reciprocidade nas súas relacións entre si rexeranse polos principios de colaboración, cooperación, auxilio e respecto aos respectivos ámbitos de competencia.*
- *Que de conformidade co previsto no artigo 195 de dita Lei a colaboración e cooperación poderá realizarse mediante a subscripción de convenios ao efecto.*
- *Que ambos os dous Concellos teñen a necesidade de subscribir o presente Convenio de Colaboración para resolver os problemas derivados da seguinte situación :*
 - *Que debido ás pendentes de concas e a situación de parte do termo municipal de Redondela, concretamente a parroquia de Chapela e outras, as augas residuais que ditas zonas producen, discorren por gravidade cara ao Bombeo de Arealonga, e dende este son impulsadas ata a Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Teis, onde son tratadas, eliminando os residuos e gran parte da contaminación que conteñen, para finalmente ser verquidos á Ría.*
 - *Que o Concello de Vigo recolle as anteditas augas residuais dende o Bombeo de Arealonga, as transporta a través do termo municipal de Vigo e as somete a tratamento na EDAR de Teis, incluíndo tal proceso a valorización dos residuos que son detraídos da auga residual, obriga que evidentemente non lle compete.*
 - *Que para fixar as condicións de equidade nas que se desenvolverá este servizo que actualmente presta o Concello de Vigo ao de Redondela, ambas as dúas partes subscriben o presente Convenio de Colaboración baseado nas seguintes*

CLÁUSULAS

Primeira: Obxecto.-

O obxecto do presente convenio é establecer os termos de colaboración entre o Concello de Vigo e o de Redondela para o tratamento e eliminación das augas residuais que se contempla no Expoñen II a).

Segunda: Duración.-

A vixencia deste convenio será a mesma que lle resta de vida útil á EDAR de Teis, sen prexuízo das causas de resolución que figuran na cláusula sétima.

Terceira: Natureza e contido.-

As relacións establecidas entre ambos os dous Concellos contan con natureza administrativa, resultando excluídas do ámbito de aplicación da Ley 30/2007, de Contratos de Sector Público en virtude do previsto no seu artigo 4.1.c).

Cuarta: Compensación de gastos.-

O Concello de Redondela comprométese a pagar como compensación dos gastos ocasionados pola xestión do servizo obxecto deste convenio o importe que resulte a razón de 0,1429 euros /m³ tratado, baseándose no estudo económico que se achega. Para isto a entidade AQUALIA-FCC-VIGO UTE, en nome do Concello, facturará

mensualmente os caudais que procedentes do Bombeo de Arealonga, someta ao tratamento descrito no Expoñen II b).

Quinta: Obrigas do Concello de Redondela.-

O Concello de Redondela obrígase:

- a) A establecer un control de verquidos industriais dentro do seu termo municipal de forma que non excedan os límites estipulados ao efecto en cada momento polo Concello de Vigo.*
- b) A solicitar ao Concello de Vigo autorización para conectar á EDAR de Teis calquera nova tubaría que non estea xa instalada.*

A estes efectos achéganse ao presente convenio os planos da rede municipal de Redondela conectada actualmente á referida EDAR.

- c) A aboar ao Concello de Vigo os importes que correspondan en función dos metros cúbicos de verquidos que se produzan e que trate a EDAR.*

Sexta: Obrigas do Concello de Vigo.-

O Concello de Vigo obrígase:

- A recibir o caudal proveniente do Concello de Redondela a través da rede conectada á EDAR de Teis e a tratalo da forma prevista no Expoñen II b), eliminando os residuos e gran parte da contaminación que conteña, previamente ao seu verquido á Ría de Vigo, sempre que se atopen dentro dos límites e coas condicións de calidade que o Concello de Vigo estableza en cada momento para os verquidos, podendo rexeitar os que superen ditos límites ou incumpran as condicións de calidade regulamentariamente establecidas.*
- A instalar un medidor no Bombeo de Arealonga para determinar o caudal a facturar ao Concello de Redondela, cuxo custo será sufragado polo dito Concello.
O devandito caudal determinarase anualmente en función do caudal medio/día dunha semana sen chuvia.*

Sétima: Dereitos das partes.-

Cada Concello contará cos dereitos que corresponden a recíprocas obrigas que asuma o outro .

En todo caso o Concello de Vigo terá dereito a resolver unilateralmente este Convenio se se produxese a falta de pagamento de seis mensualidades por parte do Concello de Redondela.

Este mesmo dereito corresponderalle ao Concello de Redondela no momento en que conte cos medios técnicos precisos para cesar nos verquidos a través do termo municipal de Vigo .

Oitava: Comisión de seguemento de convenio.-

Para o debido control do cumprimento deste Convenio e solución pacífica das controversias que se deriven da súa execución, creárase unha Comisión que estará integrada por dous representantes de cada unha das partes dos que un deles será técnico.

Novena: Vixencia.-

A entrada en vigor do presente convenio quedará supeditada á súa aprobación polos Órganos competentes dos respectivos Concellos.

Décima: Foro aplicable.-

Para a interpretación e resolución de calquera controversia que puidera xurdir en relación coa aplicación do presente convenio, resultarán competentes de conformidade co establecido nos artigos 7 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 de xullo de xurisdición contenciosa-administrativa, os Xulgados ou Tribunais de Vigo.

En proba de conformidade con canto antecede, os comparecentes asinan o presente instrumento xunto coa documentación que se achega, en duplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data indicadas no encabezamento.

27(1007).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE REPARACIÓN E NIVELACIÓN DE POZOS DE REXISTROS EN CALZADAS NAS PARROQUIAS DE ZAMÁNS, VALLADARES, CASCO URBANO (BARRIO DE SAMPAIO) E TEIS EN VIGO. EXPTE. 55313/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 18.06.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

"En data 12 de xuño de 2008 adxudicouse á Applus Norcontrol, S.L.U. o contrato menor de servizos para a coordinación de seguridade e saúde durante a execución das obras contempladas nunha serie de proxectos, entre os que se atopa, o de "Reparación e nivelación de pozos de rexistros en calzadas nas parroquias de Zamáns, Valladares, Casco Urbano (Barrio de Sampaio) e Teis en Vigo-Pontevedra".

Desígnase como Coordinadora de Seguridade e Saúde durante a execución das obras a dona Cristina Hermida Trasancos, proposta por Applus Norcontrol, S.L.U. mediante acta de nomeamento de data 13 de xuño.

En data 16 de xuño a Coordinadora de Seguridade e Saúde designada informa favorablemente o Plan de Seguridade e Saúde elaborado pola empresa adxudicataria das obras.

O Real Decreto 1627/1997 de 24 de outubro polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, no seu artigo 7.2 establece que, en obras das Administracións Públicas o Plan de Seguridade e Saúde, co informe correspondente do Coordinador en materia de Seguridade e Saúde durante a execución das obras, elevarase para a súa aprobación á Administración que adxudique as obras.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- *Ratificar o nomeamento de dona Cristina Hermida Trasancos de Applus Norcontrol, S.L.U. como Coordinadora de Seguridade e Saúde durante a execución das obras " "Reparación e nivelación de pozos de rexistros en calzadas nas parroquias de Zamáns, Valladares, Casco Urbano (Barrio de Sampaio) e Teis en Vigo-Pontevedra".*

2º.- *Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde no traballo redactado por Tendidos Moncosa, S.A. co informe favorable da Coordinadora de Seguridade e Saúde."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o anterior informe-proposta.

28(1008).- PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO BARRIO DE BOUZAS, FASE I: ENTORNO MERCADO. EXPTE. 738/443.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade do informe proposta do xefe da Área de Servizos Xerais de data 19.06.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto "Humanización do Barrio de Bouzas. Fase I: Contorno mercado", cun orzamento de licitación que ascende á cantidade de 313.285,73 €, ó obxecto do remitir á Xunta de Galicia (Consellería de Vivenda e Solo) e ó Ministerio de Fomento.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

29(1009).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA INFRAVIVENDA RURAL. EXPTE.34105/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social, do 20.06.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Solicitar á Consellería de Vivenda e Solo, ó amparo da Orde de 29 de abril de 2008, publicada no DOGA nº 91 de 13 de maio de 2008 polo que se regulan as axudas ós Concellos para infravivenda rural, a subvencións a fondo perdido que poida corresponder, segundo orzamento presentado e a nome do beneficiario que se detalla, aceptando os termos da disposición e de conformidade coa memoria, orzamento e prazo presentado para a actuación que se solicita.

<u>PROPIETARIO</u>	<u>DOMICILIO</u>	<u>ORZTO.ACTUACIÓN</u>
D. Francisco Javier Rodríguez Puime	Cmño Redondo nº 15-Navia	63.233,92 €

30(1010).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA SANJURJO BADÍA FASE I (EXPTE. 54687-250)

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación de data 13.06.08, fiscalizada con data 19 do mesmo mes e coa conformidade do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Sercosya proyectos y obras, S.A.” o concurso aberto para a contratación da da execución das obras de humanización da rúa Sanjurjo Badía Fase I (Expte 54687-250) por un prezo de 1.049.240

euros, un prazo de garantía da obra de 66 meses. Todo iso de acordo co proxecto e pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno do 14.04.2008 e a oferta presentada

31(1011).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO CONTORNO DE POVISA FASE I (EXPTE. 54474-250)

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación de data 13.06.08, fiscalizada con data 19 do mesmo mes e coa conformidade do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Excluir a oferta presentada por Oreco, S.A., por non ter a clasificación esixida para a participar na licitación.

2º.- Adxudicar a Movexvial, S.A. o concurso aberto para a contratación da execución das obras de humanización do contorno de Povisa Fase I (Expte 54474-250), por un prezo de 1.739.391 euros, un prazo de garantía da obra de 78 meses. Todo iso de acordo co proxecto e pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno do 21.04.2008 e a oferta presentada

32(1012).- CELEBRACIÓN DA FESTA DO COMERCIO NO BARRIO DE TEIS. EXPTE. 309-107.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 19.06.08 do coordinador da Tenencia da Alcaldía, conformado polo Tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a celebración da "Festa do Comercio" no barrio de Teis dende o día 23 ata o día 28 de xuño.

Segundo.- Autorizar a montaxe e desmontaxe deste evento nos días que duren as actividades, segundo o plano que se achega ó expediente.

33(1013).- AUTORIZACIÓN DA HIPOTECA DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE CONSTRUCIÓN E EXPLOTACIÓN DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI-4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II-12 A FLORIDA B. EXPTE. 6078/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 11.06.08, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Lei 33/2003, de 3 de novembro, del patrimonio das administracións públicas (LPAP).

Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais (RS).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II-12 a Florida B.

ANTECEDENTES

D. Javier Carrera Alvarez, en nome e representación de AQA VIGO XESTION DEPORTIVA, S.A., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 06 de xuño de 2008, solicita autorización do órgano de contratación para hipotecar o dereito real de concesión outorgado a súa representada para a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II-12 a Florida B.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 23 de maio de 2007, acordou a adxudicación do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II-12 a Florida B á favor da sociedade concesionaria a constituir po Gaia G.D., S.L. e Movex Vial, S.L., segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de maio de 2006, formalizándose o contrato coa sociedade concesionaria Carrera Galicia, S.L. en escritura pública de data 15 de xuño de 2007. A Xunta de Goberno de 17-03-2008 deuse por enterada da transformación de Carrera Galicia, S.L. na sociedade anónima con denominación AQA VIGO Xestión Deportiva, S.A.

Segundo.- A titularidade dunha concesión administrativa outorga o concesionario un dereito real sobre as obras, construcións e instalacións fixas que constrúa para o exercicio da actividade autorizada polo título concesional (artigo 97 LPAP). A lexislación patrimonial das administracións públicas permite a hipoteca deste dereito real, se ben con suxeición ós seguintes requisitos: 1º.- So poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada; 2º.- Para constituír a hipoteca será necesaria a previa autorización da autoridade competente para o outorgamento da concesión; 3º.- As hipotecas se extinguirán á extinción do prazo concesional (artigo 98.2 LPAP). Nesta liña, o PCAP (artigo 23 e 44) consigna, entre os dereitos do concesionario, o de hipotecar o dereito real de concesión do que sexa titular, pero non os bens sobre os que a concesión recae, garantindo que a cancelación da hipoteca cinco anos antes da data fixada para a reversión das instalacións (50 anos a partir da notificación do acordo de adxudicación -artigo 5 PCAP-), condicionando tamén o exercicio deste dereito a previa autorización administrativa. Á vista da lexislación aplicable podemos concluír que non existe inconveniente para acceder ó solicitado, condicionándoo o cumprimento dos requisitos legais.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no artigo 127.1.f LBRL.

A visata das anteriores circunstancias, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Autorizar á AQA Vigo Xestión Deportiva,S.A. a constitución dunha hipoteca sobre a concesión de servizo público para a construción e explotación de de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI-4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II-12 a Florida B. de que é titular condicionada o cumprimento dos seguintes requisitos:

1) O dereito real de concesión so poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada. En todo caso non poderan hipotecarse os bens sobre os que recae a concesión.

2) A hipoteca deberá quedar cancelada cinco anos antes da finalización do prazo concesional.

2º.- O concesionario deberá achegar a esta Administración copia da escritura pública de constitución da hipoteca e xustificación da súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo dun mes a contar dende o día seguinte o outorgamento da devandita escritura pública.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(1014).- CONVENIO COA "ASOCIACIÓN FREIJEIRO DE AYUDA AL NECESITADO", (AFAN). EXPTE. 33593/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 16.06.08 da xefa da Sección de Planificación de Servizos Sociais conformado polo xefe da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión dunha subvención á “Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado” (AFAN) por un importe de 19.000 euros.

Segundo.- Aprobar o texto que se transcribe ó final deste acordo do convenio de colaboración coa entidade “Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado” (AFAN), CIF G-36.660.348, colaboradora co Departamento de Benestar Social, , para a atención das necesidades básicas de persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos e outras axudas, cunha vixencia ata o 31/12/08 e por importe de 19.000 euros anuais, con cargo á partida 3130.4890003 –“Convenio AFAN” do orzamento de 2008”.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E A ASOCIACIÓN FREIJEIRO DE AYUDA AL NECESITADO (AFAN)

Vigo, de de 2008

Reunidas

Dunha parte:

Dunha parte D^a María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, por decreto de Delegación de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007,

Doutra parte:

Dona Hortensia González Fernández DNI 35914549 A como presidenta da Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN), NIF 36.660.348, representante legal desta organización en Vigo con enderezo a efectos de notificación na rúa Pastora 44,.

Ámbalas partes, recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para formaliza-lo presente convenio e

M A N I F E S T A N

Que a Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus interese e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais (con poboación superior a 20.000 "habitantes-equivalentes").

Que a Lei 4/93, de 14 de abril, de Servizos Sociais de Galicia, sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria e o Decreto 240/95, de 28 de xullo que os regula establece como equipamentos propios, entre outros, os centros de acollida e os albergues, dirixidos a proporcionar aloxamento alternativo e alimentación a indixentes, transeúntes sen medios económicos e outras persoas que por determinadas circunstancias se poidan encontrar en situacións de marxinación.

Que a "Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado", no sucesivo "AFAN" ten como obxectivo a atención e promoción de persoas necesitadas desde o principio da autodeterminación e a promoción, facilitándolle os medios necesarios o seu alcance, para o seu total desenvolvemento.

Que "AFAN" dedícase á atención das necesidades básicas das persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos, roupas, e pequenas axudas económicas para atender necesidades primarias tales como, pago dos recibos de luz, auga e alugamento.

Que a Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN) constitúe un recurso social, dentro do Sistema público de servizos sociais da cidade por ser unha das entidades sen ánimo de lucro, que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo un recurso moi utilizado polos Servizos Sociais.

Que a Administración Pública pode acordar convenios de cooperación con entidades sen ánimo de lucro para unha xestión común de determinadas actividades.

A Lei de servizos Sociais, (4/93 de 14 de abril) no seu artigo 21 establece as competencias dos Concellos entre elas, a colaboración no fomento dos servizo sociais de carácter local prestados polas entidades de iniciativa social en especial os que substitúen o atenden necesidades non cubertas pola propia administración

Segundo exposto, as partes acordan levar a cabo un convenio de cooperación de conformidade coas seguintes

C L A U S U L A S

Primeira.-

O obxecto do presente Convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado, no sucesivo "AFAN", é a colaboración na atención de persoas e familias en estado de necesidade así como a emigrantes retornados e inmigrantes extracomunitarios coas que traballan habitualmente ámbalas dúas institucións, e que residan no termo municipal, mediante a execución de proxectos individuais de inserción. AFAN facilitará os seus usuarios información para o acceso ós servizos Sociais normalizados de Atención Primaria a a oficina de información a emigrantes retornados e inmigrantes e a aplicación dos recursos institucionais que correspondan, perseguindo a súa inserción social.

Segunda.-

AFAN comprométese á admisión de tódalas familias que accedan por primeira vez a solicitude de atención, remitíndoas cara os servizos Sociais, e atendéndoas nas súas necesidades básicas ata a súa inserción e aproveitamento dos recursos públicos que procedan en cada caso, así mesmo atenderá ás persoas que lle sexan remitidas desde o Departamento de Benestar Social, con independencia das accións que habitualmente leva a cabo a propia Asociación.

O local social da entidade atópase situado na zona de Freijeiro e dispón de roupeiro, almacén de alimentos perecedoiros e non perecedoiros, así como amplos salóns para a realización de actividades.

Terceira.-

A vixencia deste convenio preveuse para as actividades realizadas polo beneficiario durante o ano 2008.

O presente convenio extinguirase igualmente en caso de incumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo. Neste caso deberán reintegrarse as cantidades que se houberan percibido como achega económica do mesmo e que non fosen destinadas ao fin previsto.

O persoal técnico do servizo de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación do mesmo mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que e poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Cuarta .-

Polo período de vixencia do convenio, o Concello de Vigo, aportará a cantidade de 19.000€ con cargo ao programa de gastos 3130, partida 4890003.

Os pagamentos efectuaranse dos seguinte xeito:

- 50% da cantidade total á sinatura do convenio; pago anticipado previo á xustificación, como financiación necesaria para levar a cabo as actuacións inherentes a subvención.

- 25% adicional ó rematar o mes de xullo, unha vez sexan xustificados os gastos realizados polo importe do 75% do total do convenio e sexan certificados de conformidade polo funcionario responsable do programa.
- 25% restante unha vez xustificados os gastos realizados e sexan certificados de conformidade polo funcionario responsable do programa.

AFAN comprométese a presentar antes do día 30 de xaneiro de 2009, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino ós Servizos Sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria de económica xustificativa.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coas actuacións obxectivo do convenio, fundamentalmente gastos de alimentos básicos, mantemento de transporte propio da Asociación, gastos de recollida de enseres e distribución dos mesmos, gastos de luz e teléfono, así como os relativos o mantemento da asociación en materia de comunicación e traballo administrativo.

Os denominados pola entidade “vales de emerxencia” terán que vir acompañados do correspondente recibo ou ticket da prestación do servizo ou compra do ben subvencionado ademais dos datos de identificación das persoas beneficiarias coa finalidade de ter constancia da prestación nos servizos sociais de zona.

Documentos que conformarán a xustificación de subvención:

1.- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos ou actividades subvencionadas.

2.- Unha memoria económica xustificativa do custe da actividade subvencionada que comprenderá:

- Un balance de ingresos e gastos da actividade obxecto da subvención, agrupada por tipos de gasto,
- Facturas orixinais e demais documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, polo importe total da subvención concedida. As facturas terán que reunir as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir factura que incumbe a profesionais e empresarios.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.
- Unha declaración de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social utilizando o réxime simplificado de acreditación do artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
-

Nos documentos xustificativos de subvención que comprenden os gastos vinculados de forma directa ao exercizo 2008 non terá que constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria.

Para posibilitar o control de concorrencia de subvencións, ou cando a entidade solicitante demande o orixinal presentado, as facturas e documentos poderán marcarse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para a que se presenta como xustificante e se o importe se imputa total ou

parcialmente á mesma, indicando neste caso a contía exacta que resulte afectada. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado.

Quinta.-

A Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN) poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Sexta.-

A Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN) comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Sétima.-

Como mecanismo de coordinación na aplicación do presente convenio e para facer efectiva unha colaboración-supervisión crearase unha Comisión mixta de seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, seu funcionamento, coordinación e solución de controversias e que estará composta por dúas persoas da Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN) e dous técnicos deste Concello, presidida polo Concelleiro/a encargado dos servizos Sociais.

Oitava.-

O Concello poderá subscribir os convenios que crea adecuados coas distintas asociacións e administracións para este mesmo fin sen que isto altere o previsto neste convenio.

Novena.-

O Concello de Vigo resérvase exclusivamente a formulación de todo tipo de publicidade ou información nos medios de comunicación social das actividades obxecto deste convenio.

Décima.-

O persoal técnico do Servizo de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que e poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Undécima.-

A lexislación aplicable é a que se sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

35(1015).- CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE VIGO PARA A DISPOÑIBILIDADE DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS. EXPTE. 33588/301

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 20.06.08 da traballadora social encargada do programa, conformado polo xefe da área de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión dunha subvención á “Asociación de persoas xordas de Vigo” para poñer á disposición das persoas xordas un intérprete de lingua de signos.

Segundo.- Aprobar o texto do convenio que se transcribe ó final deste acordo, de colaboración coa entidade “Asociación de Xordos de Vigo”, CIF G-36.622.835, colaboradora co Departamento de Benestar Social, para poñer á disposición das persoas xordas un intérprete de lingua de signos, cunha vixencia ata o 31/12/08 e por importe de 20.000 euros, con cargo á partida 3130.4890002 – “Convenio programa xordos” do orzamento de 2008”.

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE VIGO

Vigo, de de 2008

REUNIDOS

Dunha parte Dona María Xosé Méndez Piñeiro, Concelleira-Delegada da Área de Benestar Social do Excmo. Concello de Vigo, nomeada por Decreto da Alcaldía do 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de xullo de 2007.

E doutra D. Miguel Ángel González Lloves, en calidade de Presidente da Asociación de Persoas Xordas de Vigo, con DNI.:36.024.981-N, e domicilio en R/ Gregorio Espino, 38, entrechán, de Vigo.

Ámbalas dúas partes, recoñécense, mutuamente, con capacidade e competencia para formalizar o presente convenio,

EXPOÑEN

Que a Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus interese e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais (con poboación superior a 20.000 "habitantes-equivalentes").

Que a lei 4/93, de 14 de abril, de servizo sociais de Galicia, sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria. Estes inclúense dentro da área de comunidade, establecendo o [Decreto 240/1995 do 28 de xullo](#) polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria como obxectivos prioritarios dese nivel de atención ,entre outros, o desenvolvemento de servizos preventivos dirixidos á poboación en xeral e de forma especial a aqueles colectivos que se atopan en situación de risco, así como a inserción social dos membros marxinados e excluídos da comunidade.

Segundo o art. 29 da Lei 8/97 de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, as administracións públicas galegas deberán promover a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación. Así mesmo no Capítulo IV do Regulamento de desenvolvemento e execución da citada Lei de accesibilidade (Decreto 35/2000), no seu art. 54 faise referencia ós criterios de accesibilidade na comunicación que se establecen e que aparecen citados na base 7 do código de accesibilidade (anexo I do citado regulamento).

O mesmo artigo 29.2 da citada Lei 8/97, dispón que as administracións públicas galegas fomentarán a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías de xordos-cegos, facilitando así a comunicación directa ó discapacitado auditivo ou xordo-cego, e a existencia nas distintas administracións públicas deste persoal especializado.

Que os Concellos, como entes locais, en virtude do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, ou no artigo 21 da Lei Galega de servizos Sociais, teñen competencias nesta materia e por conseguinte iniciativa propia, no eido dos servizos sociais e da promoción e reinserción social.

Así no Concello de Vigo creouse o Gabinete de Accesibilidade como órgano consultivo encargado de garantir o cumprimento da normativa en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas no concello, propoñer a introdución das melloras que sexan necesarias en cada momento, declarar de se-lo caso a imposibilidade da observancia dalgún dos criterios básicos previstos na mesma e, en xeral, cantas outras incidan directa ou indirectamente na materia obxecto de regulación municipal. Así mesmo, dentro dos seus obxectivos está o de iniciar un proceso sistemático e coordinado para facer real o dereito ó goce da cidade para o amplo colectivo que representan as persoas con algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial, entre os que se atopan os discapacitados auditivos.

Que baseándose na antedita normativa, o Concello de Vigo quere realizar unha serie de actuacións encamiñadas a eliminar no posible, as barreiras que dificultan a igualdade na calidade de vida das persoas xordas con respecto ao resto dos cidadáns vigueses.

Que a Asociación de Persoas Xordas de Vigo ten, entre os seus fins, e así o reflicten os seus estatutos, “traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a lingua de signos e impulsar a súa investigación e difusión”; “fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación das barreiras de comunicación ...”, así como “potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de lingua de signos en todos os ámbitos da vida social e velar pola adecuada formación das persoas intérpretes”.

Estas barreiras non poderán ser superadas sen a posta en marcha de actuacións específicas que teñan como obxectivo a integración do colectivo de persoas xordas, e segundo o manifestado con

anterioridade, recoñecéndose expresamente ámbalas dúas partes capacidade de obrar para afrontar as accións motivo deste convenio, acordan subscribir o presente de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira

O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos, a través da posta a disposición destes dun intérprete da lingua de signos.

Segunda

A finalidade do convenio é ofrecer a tódolos discapacitados auditivos do municipio de Vigo, a posibilidade de contar cun profesional intérprete da lingua de signos que cubra todos aqueles servizos tales como reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos, estes últimos organizados polo Concello de Vigo e/ou a Asociación de Persoas Xordas.

Terceira

A Asociación de Persoas Xordas de Vigo será a encargada de contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, organizar e planificar o traballo que vai desempeñar, así como avaliar e cantas outras accións sexan necesarias para a realización desta actividade.

Cuarta

Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse seguindo o sistema de “chamada previa”, é dicir, aquelas persoas que necesiten os servizos do intérprete, deberán chamar con antelación á Asociación de Persoas Xordas de Vigo comunicando os datos persoais, data, lugar e materia para a que se require o servizo. Deberá terse en conta que non tódalas demandas poderán ser cubertas na súa totalidade, sobre todo en canto o horario se refire, xa que a unha hora determinada pode encontrarse o intérprete realizando outro servizo.

Cando se trate de conferencias, relatorios ou similares, a organización do evento, respectará e facilitará as condicións da sala, a situación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre as peticións formuladas polo profesional intérprete de lingua de signos para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitará sempre, e como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia da ponencia a impartir.

O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de corenta horas semanais organizándoas dende a Asociación de Persoas Xordas como mellor conveña para os intereses das persoas que requiran o servizo.

O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ámbalas partes.

O servizo será totalmente gratuíto para os usuarios do mesmo.

Quinta

A Asociación de Persoas Xordas de Vigo comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, esixe aos beneficiarios a acepta ademais os seguintes compromisos:

- a) Desenvolver as actividades acordadas previamente, atendendo ás orientacións e/ou variacións que se poidan acordar por ámbalas dúas partes, a través da Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas.
- b) Facilitar a inspección, control, etc, de persoal técnico do departamento de Benestar Social do Concello de Vigo.
- c) Aterse ós horarios e condicións marcadas na cláusula cuarta.
- d) Participar nas xuntanzas de coordinación marcadas e a petición do persoal da Concellería de Benestar Social.

Sexta

A vixencia deste convenio prevese para as actividades realizadas durante o ano 2008.

O presente convenio extinguirase en caso de incumprimento dos compromisos adquiridos no mesmo. Neste caso deberán reintegrarse as cantidades que se houberan percibido como achega económica do mesmo e que non fosen destinadas ao fin previsto.

O persoal técnico do servizo de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación do mesmo mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que e poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Sétima

Polo período de vixencia do convenio, o Concello de Vigo, aportará a cantidade de 20.000€ con cargo ao programa de gastos 3130, partida 4890002.

Os pagamentos efectuaranse dos seguinte xeito:

- 50% da cantidade total á sinatura do convenio; pago anticipado previo á xustificación, como financiamento necesaria para levar a cabo as actuacións inherentes a subvención.
- 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados e sexan certificados de conformidade pola técnica responsable do programa.

A Asociación de Persoas Xordas de Vigo, comprométese a presentar antes do día 30 de xaneiro de 2009, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino ós Servizos Sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria de económica xustificativa.

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coas actuacións obxectivo do convenio, fundamentalmente as retribucións dos intérpretes e outros dos indicados no orzamento da actividade que presente a Asociación.. De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a efectos da xustificación da subvención consideraranse os gastos realizados durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de decembro de 2008, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

Documentos que conformarán a xustificación de subvención:

1.- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos ou actividades subvencionadas.

2.- Unha memoria económica xustificativa do custe da actividade que comprenderá:

- Un balance de ingresos e gastos da actividade obxecto da subvención, agrupada por tipos de gasto,*
- Facturas orixinais e demais documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, polo importe total da subvención concedida. As facturas terán que reunir as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir factura que incumbe a profesionais e empresarios.*
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.*
- Unha declaración de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social utilizando o réxime simplificado de acreditación do artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

Nos documentos xustificativos de subvención que comprenden os gastos vinculados de forma directa ao exercizo 2008 non terá que constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria.

Para posibilitar o control de concorrencia de subvencións, ou cando a entidade solicitante demande o orixinal presentado, as facturas e documentos poderán marcarse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para a que se presenta como xustificante e se o importe se imputa total ou parcialmente á mesma, indicando neste caso a contía exacta que resulte afectada. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado.

Oitava

A Asociación de Persoas Xordas de Vigo poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Novena

Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante, que serán:

- Pola Asociación de Persoas Xordas de Vigo:

** Miguel Ángel González Lloves*

Presidente da Asociación de Persoas Xordas

- * *M^a Carmen González Lloves
Técnica da Asociación de Persoas Xordas*
- *Polo Concello de Vigo:*
- * *A Concelleira-Delegada da Área de Benestar Social., ou persoa en quen delegue*
- * *Unha técnica do departamento de Benestar Social encargada do programa.*

Décima

O Concello de Vigo resérvase exclusivamente a formulación de todo tipo de publicidade e información nos medios de comunicación social das actividades obxecto deste convenio

Undécima

A concesión de subvención ao amparo da presente convocatoria será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade, sempre que o importe global das mesmas non supere o custe total do servizo

Duodécima

A lexislación aplicable é a que se sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

36(1016).- COLOCACIÓN DE BANDEIROLAS NAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO PÚBLICO EN DIVERSAS RÚAS DA PARROQUIA DE TEIS CON MOTIVO DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL. EXPTE. 12571/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 19.06.08 do enxeñeiro industrial municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar, se esa Xunta de Goberno o considera oportuno, á Concellería de Comercio, a colocación de bandeirolas promocionais do programa de Dinamización Comercial nas rúas Sanjurjo Badía, Purificación Saavedra, Angel Lema, Doutor Corbal e Avda. de Galicia; dende o luns 23 de xuño ao sábado 28 de xuño, e de acordo coas instrucións indicadas no documento anexo I que figura no expediente.

37(1017).- COLOCACIÓN DE BANDEIROLAS NAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO PÚBLICO DA RÚA MONTERO RÍOS CON MOTIVO DA REGATA FÍGARO. EXPTE. 12574/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 19.06.08 do enxeñeiro industrial municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar á Concellería de Turismo, a colocación de bandeirolas promocionais da “39 edición da Regata Fígaro” na rúa Montero Ríos, dende o luns 7 de xullo ata o luns 4 de agosto; de acordo coas instrucións indicadas no documento anexo I que figura no expediente.

38(1018).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.